

# MEMORIA

**CURSO 2021-2022**



## CLASES DE 0-1 ANOS

Estamos rematando o curso na clase de 0-1 anos e imos recordar algunhas das actividades que realizamos durante estes meses cos nosos [nen@s](#).

Cando empezamos no mes de setembro tiñamos 4 [nen@s](#) divididos en dúas clases. Son [nen@s](#) de idades comprendidas entre os 4 ½ e 6 meses.

Os poucos días apareceron problemas de inundación en outras aulas e tivemos que facer unha reorganización en todo o centro. No caso das aulas de bebés fomos reagrupados nunha soa aula con 4 [nen@s](#), no espazo que ata agora se destinaba a dormitorio.

Todos eles están en xornada de mañá.

Esta memoria sérvenos para deixar constancia de moitas das actividades que fomos desenvolvendo ó longo do curso, para recoñecer algúns dos logros conseguidos e tamén para avaliar o noso traballo e poder mellorar para o próximo ano.

### SETEMBRO

#### PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Estes primeiros días pasámoslos coñecéndonos e observando o seu comportamento. Estamos diariamente en contacto cas familias para ir coñecendo os hábitos. A primeira semana os [nen@s](#) permanecen na escola ½ hora. Os seus pais espéranos moi impacientes.

Na segunda semana imos prolongando a estancia en función do seu comportamento e cando remata o mes xa estamos adaptados salvo aqueles que non acudiron con frecuencia.

Durante este tempo, o noso principal obxectivo é coñecer o momento evolutivo no que se encontra cada un, coñecernos, crear un vínculo de confianza e afectividade, establecer unha serie de rutinas en función das necesidades e costumes e sobre todo satisfacer as súas necesidades básicas de hixiene, alimentación, descanso etc.

A alimentación é con bibe e cada un ten as súas costumes e horarios para tomalo.

Os primeiros días observamos que sosteñen ben a cabeciña excepto un que tende a ladeala. Algún xira sobre si mesmo, da voltas de boca abaixo a boca arriba, están seguido con risotadas, emiten moitos sons e balbucean cos xogos. A medida que avanza o mes percibimos uns progresos importantes. En xeral non lles gusta estar boca abaixo pero si que esteas constantemente prestándolle atención. Gústalles a todos o coliño e rexeitan durmir no berce.

Preparamos o entorno en función das características dos nosos bebés, poñemos música agradable, e empezamos a facer exercicios para axudarlle a medrar e desenvolverse, movemos os seus brazos e pernas con pequenos movementos para adquirir forza, intentamos xirar sobre si mesmos, algúns precisan axuda, outros son capaces eles sós, collidos polo antebrazo axudámoslle a incorporarse e permanecen sentados un ratiño, ofrecémoslle obxectos para que agarren cas manciñas, conversamos, emitimos sons etc.

### PRIMEIRO TRIMESTRE

#### OUTUBRO

A primeiros de mes incorpórase unha nena de 4 ½ meses. Chora moito. Só se calma no colo. A mediados incorpórase outra de 3 meses. Polo tanto xa somos 6, 4 nenos e 2 nenas.

A evolución de todos eles é favorable. Algúns xa se aguantan sentados, dan a volta, agarran os xoguetes pero aínda se golpean porque non coordinan os movementos. Prestan moita atención as monadas das profes e cada día pelexamos para conseguir durmir cada un no seu berce. Xa empezan dous a tomar papa e comen moi ben.

- Facemos moita ximnasia de **estimulación de tódolos sentidos** nas colchonetas e conquistamos novas posturas facendo exercicios con certa frecuencia. **Xogan moito cas súas mans, pés e boca.**
- Damos moita importancia a **estimulación vínculo-afectiva** e dedicamos moito tempo a cada nen@ a nivel individual . Aproveitando que temos poucos nen@s a dedicación é case exclusiva. Isto e positivo pero percibimos que cada vez solicitan máis atención e cando non podes atendelos inmediatamente enfádanse.
- **Saímos o patio** do caseto cando o tempo o permite e alí **xogamos cas bolas** na piscina aínda que algún ponse algo nervioso.
- Balanceámonos no **balón grande** tanto boca abaixo coma deitados sobre o lombo. Esta actividade gústalle a case todos.
- Celebramos o **Magosto**. Traemos moitas follas, millo, noces grandes e metémonos no cubo de actividades para experimentar. Non lles gusta moito e permanecemos alí pouco tempo. Sacamos fotos e facemos un pequeno vídeo.
- **Mirámonos no espello**, xogamos cas **pelotas de texturas e brillantes**. Estas pelotas gústanlle moito porque se ven nelas. Ó mesmo tempo fan sons e resultan atractivas.
- **Inflamos bolsas de plástico** e xogamos con elas, cantamos, aplaudimos, escoitamos música.
- Facemos **masaxes**. O primeiro día na cabeza, cara, pescozo facendo suaves caricias con plumas, pompóns de la. Outro día seguimos polo resto do corpo tratando de acariñar, dar pequenos toques polas diferentes partes do corpo. A algúns gústalle e outros non se relaxan para gozar da actividade. Sacamos fotos e facemos un pequeno vídeo.
- **Experimentamos cas cabazas** grandes e pequenas e dentro das nosas posibilidades celebramos o **Samaín**. Traen da casa a cabaza decorada polas familias. Aquí na nosa aula tamén decoramos unha e colocámoslas na entrada da escola para que as familias as vexan. Disfrazámonos e sacamos fotos e vídeos.

## NOVEMBRO

Os nosos cativos van medrando felices. Cada día nos sorprende co caso que fan as nosas monadas. Dous dos nen@s xa se aguantan sentados. Un xa é capaz de pasar de sentado a deitado e tamén arrastrarse cara atrás. Fan en xeral moita forza nas pernas , encántalle que os collas e estar incorporados. Todos evolucionan o seu ritmo. Xa son tres os que comen papa e fano moi ben. Da gusto darlle a comida. Van cada día algo mellor a hora de durmir no berce. Temos unha nena que so quere colo e estalle custando moito deixar de chorar. Tamén é verdade que non acude con regularidade a escola.

Dedicamos moito tempo ás rutinas porque precisan tomar sestras, comer, momentos de hixiene. Cando están predispostos facemos moitos exercicios de estimulación motriz e sensorial para fortalecer a musculatura. Conversamos moito, acariñámoslos, facemos carantoñas, cóxegas, facémolos rir, cantamos, facemos sons ca nosa boca ...

Os noso cativos son moi listos, e din as compañeiras, e tamén algunha familia, que os temos moi mimados. É verdade que como son poucos dedicámoslle moito tempo a cada un e o apego e afectividade aumenta. Estupendo poder mimalos e protexelos.

- Xogamos co **balón grande e tamén co cilindro** , facemos bambeos suavemente.
- Metemos **pelotas na piscina** pequena e xogamos con elas. Os que aínda non se aguantan sentados protestan.
- **Inflamos globos** e xogamos. Algún ponse nervioso. Non dura moito o interese.
- Xogamos cas **teas de tul** a taparnos, facer cu-cu. Rinse moito.
- Saímos o **patio grande** e sacamos moitas fotos.
- Facemos **masaxes**. Non están moi predispostos. Cústalles relaxarse. Queren

movemento e actividade. Si lles gustan os bicos, caricias e cóxegas.

- Xogamos a deitalos sobre as **alfombras de texturas e sensoriais**. Tocan, intentar arrancar as texturas, observan as cores, intentan chupar...
- Gústalles moito as **bolas brillantes** e tamén os **espellos**. Agora todo vai a boca. Intentan agarralas pero escápanlle. Ofrecémoslle obxectos para que agarren pero algúns aínda non son capaces.
- Traemos xoguetes que fan sons e actuamos sobre eles. Manipulan axóuxeres, maracas, tocamos o piano ...

## DECEMBRO

Incorpórase un neno de 5 meses. É moi grandote . Na casa aínda toma teta. A medida que pasan os días protesta porque precisa durmir e cústalle moito xa que está afeito a mamar e quedar durmido no colo. Deitado boca abaixo levanta moi ben a cabeza. Non lle gusta moito a postura. Está máis a gusto deitado boca arriba.

Agora somos 7 na clase. 5 nenos e 2 nenas. Van progresando moito. Cada un o seu ritmo.

- Pedímoslle ás familias un traxe de Papá Noel e **disfrazamos os nen@s**. Poñemos unha **árbore de Nadal con adornos**. Escollemos a panxoliña **“Buscando Papá Noel a árbore de Nadal”**. As profes facemos unha coroa do animal que corresponde e imos vestidas da mesma cor. Facemos moitas fotos e un vídeo que logo enviamos ás familias en **Nadal**.
- Algúns nen@s xa se aguantan sentados e polo tanto xa poden investigar no **cesto dos tesouros**. Poñemos dentro bolas brillantes, cintas, campás e outras cousiñas para que manipulen.
- Escoitamos e cantamos **panxoliñas**. Collémolos no colo e bailamos con eles. Tamén **cantamos cancións sinxelas imitando xestos**: daba la mocita, palmas, palmitas, mi mamá me quiere, cinco lobitos. Están moi atentos pero aínda non imitan. O que si reproducen son sons e provocan a tose.
- Seguimos facendo **exercicios de estimulación motriz, sensorial e afectiva**. Tódolos días dedicamos un tempo especial a traballar con cada un facendo diversos exercicios en función do que precise estimular. Traballamos o **inicio o arrastre e a posición de gateo** cos máis maduros.
- Xogamos con **monicreques e peluches**. Tocamos ma cariña e cas súas mans para que perciban a suavidade.
- Xogamos cos **animaliños de goma, imitamos onomatopeas**.
- Saímos tódolos días ó **patio grande** un ratiño. Aínda que non poden moverse polo chan cambiamos de ambiente. Sentámoslos nos coches e motos e sacamos moitas fotos.
- Este mes faltan bastantes. Algúns están enfermos e outros collen días de Nadal.

## SEGUNDO TRIMESTRE

### XANEIRO

A evolución dos nosos cativos é impresionante. Xa empezan a arrastrarse cara atrás. Algún xa o fai para diante e intenta gatear ou arrastrar o cuíño. Fan moito caso. Rinse moito e colaboran nas actividades. Temos uns nen@s moi cariñosos e dámoslle moitos mimos. Son felices cando os colles no colo e te dedicas a cada un en particular. Logo protestan cando os deixas na colchoneta para facer outra tarefa ou atender a outro.

Aínda falta algún polas festas de Reis. Tamén as profes collemos días de Asuntos.

- **Pintamos cas nosas manciñas unha cartolina con varias cores** para facer unha

carta para os Reis Magos . Non lles gusta a experiencia. Logo as profes pegamos unhas fotos de xoguetes.

- Saímos o patio a participar na **visita dos Tres Magos**. Tres profes disfrázanse de Reis. Séntanse nos tronos e sacamos moitas fotos cos nen@s. En xeral protestan. Asístanlle un pouco os disfraces. Entregámoslle a carta preparada. A verdade é que os nosos bebés non poden percibir o que alí se celebra pero enviamos fotos e vídeos ás familias que seguro que lles fai ilusión.
- Poñemos debuxos de inverno pola clase. **Disfrazamos** os nen@s con **roupas de inverno**: gorros e bufandas e sacamos moitas fotos.
- **Manipulamos cousas suaves** e pasámolas pola cariña, pescozo, brazos ...: pompóns de la, algodón, teas suaves con pelo, feltro ...
- Debuxamos unha pomba para poñer na entrada para celebrar o Día da paz. Despois de manipular as cousas suaves axudamos os cativos a **pegar algodón na pomba**.
- **Estampamos as manciñas** e témpera verde nun folio para decorar a entrada da escola e participar dentro das nosas posibilidades na celebración do Día da Paz. É unha árbore ca forma do logotipo do Bosque. Dentro van as siluetas das mans dos nen@s e arredor as pombas de cada clase. Quédanos precioso.
- Colgamos do teito globos con arroz e botellas con pallas dentro para que vaian **tocar e fagan sons**. So lles interesa o primeiro día.
- Para celebrar o **Día da Paz** debuxamos unha pomba no chan, inflamamos globos brancos e colgamos algúns, sentámonos a veira da pomba e escoitando a canción da Paz sacamos moitas fotos e facemos un pequeno vídeo que logo enviamos as familias.
- As profes dos diferentes grupos facemos unha **representación do conto “O día das Apertas”** onde tratamos de transmitir o importante de compartir e querernos todos moito. Enviamos o vídeo ás familias.
- Preparamos o **cesto dos tesouros** con diferentes luvas cheas de fariña, sal, azucre, arroz, pan relado e botes con abelás, botellas con garavanzos, pallas, latas grandes e pequenas etc. para que experimenten tocando, facendo soar, chupando ...

## FEBREIRO

Seguimos mes a mes aprendendo cos nosos cativos. Consequimos grandes logros dentro das posibilidades de cada un. Os máis pequenos xa se aguantan sentados. Dan a volta de sentados a deitados. Xa gatea algún máis. Tamén se poñen de pé agarrados a todo. Dous nenos xa se moven polo patio a súa maneira. Fan moito caso ás conversas. Gústalles moito a música e cancións con xestos. Comen todos papa e da gusto darlle a comida. Dormen no seu berce case todos aínda que cando pasan uns días na casa temos que axudarlle a relaxarse. Nótase que teñen outras costumes.

Seguimos con **exercicios de estimulación a tódolos niveis** tratando de coller forza nas pernas, controlar o arrastre e inicio de gateo, damos pasiños collidos da mans, actuar sobre os obxectos, manipular e experimentar con eles ...

- **Imos a clase do lado** cando está baleira e mirámonos no espello, agárranse a barra, tamén a varanda, xogan cos xoguetes da clase , con algún damos pasiños agarrado o correpasillo. Alí temos máis espazo e poden recorrela a súa maneira. Os que se desprazan gústalle entreterse co xoguete de actividades múltiples que está colgado na parede.
- **Miramos contiños de tea e texturas. Nomeamos os animais imitando a súa onomatopea.**
- **Xogamos cas pelotas** a tirarlla e eles fan intentos para devolvela. Tamén lles gusta xogar cas pequenas cando lle tiramos moitas desde o alto. Meten e sacan do cubo.
- Traemos a **rampla acolchada** e intentan subir a ela gateando. So son capaces dous.
- **Xogamos cos tentetesos e cos xoguetes que fan sons**. Algúns xa son capaces de poñelos a funcionar.

- Facemos **torres cos cubos**. Encántalles derribalas.
- **Sáimos tódolos días ó patio grande**. Os que se moven mellor encántalle meterse na casiña e saír pola fiestra a facer cu-cu. Tamén se atreven a pasar polo túnel e gústalles que os montemos nos coches e motos.
- **Xogamos con papeis** de diferentes tipos pero non resulta porque meten na boca e poden ser perigoso.
- Preparamos a **tarxeta de aniversario** porque este mes cumpre un neno. É unha tartaruga con un depresor. Pode abrirse e dentro poñemos a foto cos amiguiños. Tamén facemos un babeiro e unha paxariña que lle poñeremos para sentirse protagonista no seu día. Ese día están todos sentadiños ca torta diante, poñemos a música de Parabéns, cantamos e sacamos fotos. Levan a casa a tartaruga e o babeiro.
- **Facemos pompas de xabón**. Quedan impresionados e intentan collelas.
- Xogamos cos **xoguetes de arrastre**. Chámaslle a atención pero non son capaces de tirar da corda. Son pequenos aínda para agarrar e controlar o movemento. Eles golpean contra o chan para ver o resultado.
- As profes preparamos o **disfrace**. Este ano na escola eliximos o tema da feira onde se pode degustar certos alimentos. Na nosa clase imos de **hamburguesa**.
- Ó longo do mes **disfrizamos os cativos** cos traxes que temos na escola e sacamos moitas fotos para poñer na entrada da escola.
- Celebramos o **Entroido** na nosa clase con serpentinas, globos, música propia deste acontecemento e todos disfrazados de hamburguesa sacamos fotos e como é costume facemos un vídeo que logo enviaremos ás familias.

## MARZO

Empezamos o mes de marzo con normalidade. Todos evolucionaron moito. Arrástranse, gatean e pónense de pé para investigalo todo. A partir da 2ª semana aparece o Covid e pouco a pouco caemos profes e nen@s. Ademais aparecen febres, dor de oídos e a predisposición para as actividades é pouca.

- Facemos **moitos exercicios de estimulación sensorial, motriz** arrastrándose, gateando, poñéndose de pé agarrándose a barra, os mobles, co correpassillo ...
- **Sáimos ó patio**, xogamos na casiña, cos coches ...
- Xogamos cos **tesouros do cesto** onde temos luvas cos fariña, sal, azucre, botes con arroz, garavanzos, , latas grandes e pequenas, rolos ...
- Poñemos a funcionar os xoguetes que fan **música e sons**.
- **Contamos contiños** de sons de animais e **tocamos as diferentes texturas**.
- As profes tiramos as **pelotas** e intentamos que as devolvan. Facemos de igual xeito cos coches.
- Facemos **torres cos cubos** e cos botes e eles tíranos.
- Intentamos **meter aros no soporte**. É bastante complicado.
- **Cantamos, imitamos xestos o son da música**.
- **Experimentamos con laranxas, mandarinas e limóns**. En xeral gústalles a actividade e atrévense a probar.
- Facemos **pompas de xabón**. Están moi entusiasmados intentando collelas.

## ABRIL

Agora xa estamos todos recuperados . Este mes na nosa escola facemos **arte**. Escollemos a **Maruja Mallo** para coñecer a súa obra. Desde a clase de bebés colaboramos neste proxecto e dentro das nosas limitadas posibilidades imos experimentar .

- **Manipulamos e observamos fotos plastificadas das obras da artista** . Movémolas e facemos ruído.
- Aproveitamos experiencias que tiñamos programadas para este trimestre para relacionalas co proxecto. **Experimentamos con xeo, auga morna e pintura**.

- **Pintamos uns cubos de porexpán estendendo cas manciñas** a pintura. Logo imos poñer unha foto de cada nen@ nas diferentes caras. Tamén das profes e de Maruja Mallo.
- Poñémolos en cueiro e **pintamos sobre papel continuo**. Non lles gusta e polo tanto a actividade dura pouco.
- Pedimos un **lenzo ás familias** e pintan cas súas manciñas de cor nude. Logo as profes poñemos nariz, ollos e debuxámoslle pestanas e cellas. **Facemos unha máscara coma as de Maruja Mallo**. Lévana a casa como traballiño do mes da arte.
- Nomeamos **partes da cara**: ollos, nariz, orellas, pelo. Tocamos en nos mesmos e tamén nos compañeiros e profes. **Mirámonos no espello** da clase do lado e tamén nos pequenos.
- Facemos **exercicios bucolinguais**, tiramos bikiños, dicimos adeus ca man, chocamos as mans, facemos palma repalma, aplaudimos, dicimos non co dedo e tamén ca cabeza, intentan falar por telefono.
- **Subimos pola rampla acolchada** gateando e tamén intentamos pasar dun lado ó outro. Aínda lles costa.
- **Sáimos o patio grande**. Agora case todos gatean. Póñense de pé. Entran e saen da casiña, do tomate. Algún xa entra e sae dos coches, achéganse a mirar polo cristal das outras clases, emociónanse cando os maiores van o comedor. Camiñamos moito collidos das mans.
- **Contamos contiños de animais e tocamos texturas. Tamén imitamos as onomatopeas.**
- Tocamos, gateamos e camiñamos sobre a **alfombra de texturas**. Tamén sobre as que fan sons e teñen moitas cores. Manipulamos plásticos de burbullas.
- Facemos **bolsas sensoriais**. Metemos dentro de bolsa de autocerre boliñas pequenas de porexpan, perlas de xel infladas en auga, cachos de laranxa, limón, de madeira, pallas, *plumas, pompóns* ... *Non* mostran moito interese por tocalas.
- Seguimos xogando co cesto de tesouros. O que máis nos gusta son as latas.
- Xogamos a tirar as pelotas e ir gateando a buscalas. Intentamos que as devolvan.
- Intentan os máis grandiños **meter, facemos torres cas aros nos soporte bobinas, cos cubos. Encántalle tiralas.**
- **Facemos pompas de xabón e intentamos collelas.**
- **Xogamos a escondernos** atrás da cortina e dos trapiños de tul. Tamén nos gusta meternos entre os berces e facer cu cú.

## MAIO

Cada día movémonos con máis liberdade e a nosa clase queda pequena. Aproveitamos a clase dos amiguiños do lado para saír cando eles van o patio. Alí pasámolo moi ben porque o espazo permítenos experimentar.

Ademais de investigar e pelexar para conseguir o inicio da marcha facemos outras actividades.

- **Bandexas sensoriais**: Poñemos en bandexas diferentes obxectos, alimentos e materiais de diferentes texturas: millo, arroz, fariña, azucre, area, garavanzos ... Colocámolas no chan e tratamos de camiñar sobre elas pero non resultou interesante. Sen embargo sentadiños o lado cas nosas manciñas tocamos, mesturamos, tiramos e percibimos sensacións diferentes. Cando xa imos cansos recolleemos. Lavamos as mans con auga morna e xabón.
- **Estampamos as mans** nunha cartolina e facemos un traballiño para celebrar o **Día da Familia**. É unha tarxeta onde colocamos a nosa foto e cas manciñas estampadas simulamos unha aperta. Colocámolas na entrada da escola e posteriormente levarémola a casa.
- Xogamos cas alfombras de texturas e cos **plásticos de burbullas**. Subimos e baixamos pola rampla.
- Experimentamos cos nosos dediños **tirando das cintas** que temos nas latas.
- Xa somos capaces de aguantar períodos curtos de tempo atendendo ós contiños, cantar

e imitar xestos, tomar a galleta e auga sentadiños.

- Somos capaces de interactuar entre nós mantendo as nosas **conversas**. Tamén somos capaces de pelexar para conseguir o que ten o compañeiro.
- **Xogamos con papeis de celofán de moitas cores, con papel albal, agasallo, embalar ...**

## XUÑO

Son cada día máis áxiles. Saben gatear, póñense de pé e desprázanse agarrados a calquera punto de apoio.

O que máis lle gusta e saír o patio e intentar buscar unha porta aberta. Entran e saen dos coches, da casiña, do túnel e buscan calquera oportunidade para investigar.

- Xogamos con pelotas e intentamos recibila e tirala. Incluso algún intenta darlle co pé.
- Conversamos e intentamos  **sinalar as partes da cara**: ollos, boca, nariz ...
- **Encántanos imitar os xestos das cancións.**
- Xogamos a meter bolas pequenas no **xogo de tubos**.
- **Escondémonos** detrás da cortina e  **facemos cucú**. Entre nós xogamos a buscarnos detrás dos berces.
- Gústanos moito saír ó patio de fóra. Algún intenta subir ó escorredoiro.
- **Experimentamos cas froitas que podemos comer**: laranxas, limóns, plátano, mazá, pera. Tocamos, as profes pélanas, probamos cachiños, facemos zume e metémolo en botes cun pau para facer xeados. Case todos participan na actividade. Tocan, saborean e beben o zume. Facemos un pequeno vídeo que mandamos ás familias. Sacamos moitas fotos.
- Outro  **día tomamos os xeados despois de comer**.
- **Experimentamos ca auga no patio de fóra** aproveitando o bo tempo. Poñemos auga quentiña nas piscinas e metémonos dentro a xogar. Gústanos moito. Sacamos moitas fotos e facemos un vídeo que enviamos as familias.
- Nos últimos días de xuño  **experimentamos con spaghettis cocidos**. Péganse as mans. Algúns non queremos tocar pero outros gozamos da actividade.
- **CONCLUSIONES**
- Estas son as actividades máis destacadas que realizamos ó longo do curso na clase de bebés.
- Os nosos cativos xa deixaron de ser bebés , medraron moito e están preciosos. Cando empezamos con eles eran moi pequeniños e apenas eran capaces de xirar sobre si mesmos. Agora podemos facer moitas actividades con eles, son encantadores. Rímonos moito, conversamos e tódolos días nos sorprenden cos seus progresos. Xa case todos iniciaron a marcha. Seguro que cando empecemos o novo curso se desprazan por toda a escola camiñando con seguridade.
- Encántalle saír da clase e investigar polo patio. En canto aparece unha porta aberta alí están. Entran e saen dos coches, da casiña, algún xa intenta subir o escorredoiro. Interactúan entre eles e mesmo loitan por conseguir o que pretenden.
- Comen moi ben e salvo momentos especiais dormen moi ben no seu berce. Encántalles a galleta.
- Escoitan as cancións, imitan xestos, gústalles mirar contiños pero o que prefiren e saír da clase. Colaboran nas experiencias pero pouco tempo. Prefiren investigar no patio.
- Este curso debido as obras tivemos poucos Bebés e polo tanto a dedicación individual favoreceu o día a día. Sen embargo están moi mimosiños e solicitan atención constantemente. Son moi cariñosos e nós estamos encantadas de darlle agarimo. Seguro que en setembro teremos que dosificar esa atención tan exclusiva.

Nas nosas programacións formulamos moitos obxectivos, contidos e actividades pero tamén indicamos que se levarían a práctica de maneira flexible. Moitos foron alcanzados. Outros están en proceso. Algúns seguro que non foron axeitados. Intentaremos no próximo curso retomar aqueles que se necesitan afianzar e seguiremos traballando para que os nosos



cativos medren contentos e sans.

Damos por rematado o curso e só nos queda agradecer ás familias a confianza que tiveron en nós para a atención e coidado dos seus pequeniñ@s e por darnos a oportunidade de participar na súa educación. **FELICES VACACIONES.**

## CLASES DE 1-2 ANOS

### SETEMBRO. PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Comezamos o curso no mes de setembro adicándoo ao Período de Adaptación. No grupo de 1 a 2 anos comezaron 20 [nen@s](#) [nov@s](#) durante a primeira semana a súa estancia na escola foi de media hora, ampliamos a unha hora os dous primeiros días da segunda semana e a partir de aí fómoslle ampliando a cada [nen@](#) a título individual en función de como se atopaba cada un deles. Na terceira semana do mes xa puideron quedar a comer no comedor e pouco a pouco xa lle fomos ampliando ata que fixeron o horario completo. O resto dos [nen@s](#) viñan de desfrutar as vacacións nas súas casas, a maioría ao longo de todo o mes de agosto, pero non levaron moi mal á volta á rutina de vir tódolos días á escola.

A organización das aulas foi a seguinte: a aula A estaba formada por 11 nenos e nenas, aula B por 10 e a aula C por outros 10 nenos e nenas.

As actividades que levamos a cabo ao longo deste mes foron as seguintes:

- Recibimos aos nenos e nenas con tenrura e cun sorriso na cara. Presentámonos, dicímoslle os nosos nomes e presentámoslle aos compis que xa se atopan na aula.
- Ofrecémoslles xoguetes para se distraían e se lles vaía a peniña.
- Contamos contos, cantamos cancións.
- Pintamos con ceras, pegamos gomets...
- Imos coñecendo as rutinas diarias: asemblea, actividades dirixidas, cambio de cueiros, hora da galleta e da auga, recreo, actividades de aula, xantar, sesta, xogo libre, merenda...

### PRIMEIRO TRIMESTRE

#### OUTUBRO

Comezamos este trimestre con moitas ganas de experimentar e de pasalo moi ben. Todos os nenos e nenas xa se atopan felices e contentos na escola o que nos permite poder comezar a levar a cabo a nosa programación. As actividades máis destacables levadas a cabo a o longo deste mes son as seguintes:

- **ASAMBLEA:** cada día cando xa chegaron [todos](#) os nenos e nenas sentamos aos cativos na zona da asemblea. Saudamos un a un dicindo o seu nome e cantamos a canción do saúdo. Despois comentamos a actividade que imos a levar a cabo ese día e explicamos como imos a desenrolala.

- **HABILIDADES SOCIAIS:** saudar e despedirse. Aproveitamos a ASAMBLEA diaria previa á realización das actividades a saudar a cada [nen@](#), chamámol@ polo seu nome e cantamos a canción do saúdo. Cando cada [nen@](#) marcha para a súa casa tamén nos despedimos del incitándoo a que nos diga chao, adeus ou ata mañá.

Canción do saúdo:

Ola amiguiño dime dime como estás, moi ben!!  
dime como estás, moi ben!!  
Todos xuntos moi contentos porémonos a cantar

todos xuntos moi contentos imos a xogar.

Toca, toca a guitarra, toca o violín, toca o violín  
toca, toca fruta doce, toca o piano plim, plim, plim  
Toca, toca a fruta doce toca o piano plim

Ola amiguiño dime, dime como estás, moi ben!!  
dime como estás, moi ben!!  
Este xogo do saúdo xa se vai a rematar  
este xogo do saúdo se remata xa  
se remata xaaaaa.

- VENDIMA: Para levar a cabo esta actividade utilizamos o CUBO DAS ESTACIÓNS. Decorámolo colgando moitos acios de uvas e os nenos e nenas foron descolgándoos e meténdoos nos caldeiros. Despois aproveitaron para manipulalas como quixeron: arrancáronas, esmagáronas e foron comendo todo o que quixeron. Para finalizar a actividade saborearon un rico zume de uvas.

Esta actividade foi realizada nas aulas B e C. Os nenos e nenas da aula A non a levaron a cabo posto que son moi pequeniños aínda.

- MUDANZA DE CLASES: debido a un problema de humidade nas instalacións nas que se atopaban as aulas de 1 a 2, tivemos que mudarnos de clases. Toda a escola se reorganizou para poder instalar as tres aulas de 1 a 2. Despois de obter os permisos pertinentes de inspección houbo unha reagrupación dos nenos e nenas de 2 a 3, que pasaron de tres aulas a dúas, cada unha con 20 nenos e nenas. Os bebés deixaron as dúas aulas libres e reubicáronse na aula que estaba destinada a sala de durmir, unha vez que se rediseñou ese espazo e se dotou de auga, cambiador...

Os nenos e nenas de 1 a 2 foron os maiores beneficiados de toda a escola, posto que as tres clases nas que nos situaron eran moitísimo máis grandes e luminosas que as aulas que en verdade nos correspondían.

Esta ocupación que no primeiro momento ía a ter unha duración, de tres meses, acabou sendo de todo o curso escolar posto que as obras duraron moito máis do que estaba previsto.

- MANUALIDADE: aproveitando que a MASCOTA de 1 a 2 é un CARACOL, realizamos cos cativos e cativas unha manualidade dun caracol enriba dunha folla. Os nenos e nenas pintaron entre [tod@s](#) varias cartolinas brancas, unhas con pintura de dedos verde e outras con cores outonais (vermello, marrón, laranxa, amarelo). Despois as profes recortamos a cartolina verde facendo follas de árbore, e as outras de cores recortámolas en tiras que despois enrolamos facendo a forma dos caracois. Pegamos os caracois enriba das follas e listo. Cada neno e nena levou o seu caracol para a súa casa.

- DEPENDENCIAS DA ESCOLA: íamos levar aos [cativ@s](#) de paseo pola escola para que puideran ver todas as dependencias da mesma, pero debido a toda a reorganización que tivemos que facer en todas as aulas non tivemos un momento que se prestase para ir relaxadiños de excursión vendo aos outros nenos e nenas nas súas clases. Fomos pouco a pouco vendo onde estaban todos, onde estaba o comedor, víamos aos nenos e nenas de 2 a 3 cando estábamos no recreo a través do cristal da aula, a Emilia na súa oficina...pouco a pouco fomos adaptándonos e recoñecendo todas as estancias da escola.

- CONTO: Lúa. Traballamos este conto apoiadas en diferentes soportes: o propio conto, títeres e giñol, conto cantado...Motivamos aos [nen@s](#) a dicir os nomes dos protagonistas dos conto a medida que nós os íamos sinalando. Foi un éxito. Encantoulles e aproveitamos para enviar ás familias pola TokApp un vídeo no que se vía como lles contábase o conto e o atentos que

estaban todos os nenos e nenas.

- AS CORES: Iniciamos o curso explorando obxectos e xoguetes das cores primarias: vermello, amarelo e azul. Fomos verbalizando os nomes de cada cor e intentando facer clasificación por cores iguais, pero pouco a pouco.

- CELEBRAMOS OS ANIVERSARIOS: Os nenos e nenas da clase A son máis pequeniños que os das clases B e C. De feito, a maioría dos nenos e nenas da clase A cumpriron no último trimestre do curso o seu primeiro aniño e os das clases B e C cumpriron os dous aniños a partir de xaneiro.

Na clase A fixéronlle unha foto a cada neno e nena co número 1 e a torta de cumpre a tamaño folio, e outra cos compis máis pequena e déronllas ás familias nunha tarxeta con forma de corazón.

Nas aulas B e C organizamos unha decoración diferente para celebrar os cumpres. Fixemos un tipi e sacamos foto individual e colectiva que entregamos nunha manualidade en forma de caixa de agasallo. Os nenos e nenas de A que tamén cumpriron os dous aniños celebrárono igual que os de B e C.

En función da idade que cumpran, introducimos os números 1 e 2, ensinámoslles a verbalizalo e a que indiquen cos dedíños a cantidade en cuestión.

- GRANDE/PEQUENO: partimos do propio corpo para iniciarnos nos conceptos grande/pequeno. Comparamos o noso corpo (pequeno), coa porta de entrada da aula que é grande; comparamos o noso corpo (pequeno) co corpo das profes(grande), comparamos o noso corpo(grande) cos bonecos da clase(pequeno)...Xogamos a ser xigantes moi grandes(estirándonos e levantando os brazos todo o que podemos) e ananiños moi pequenos (agachándonos)...

- ESQUEMA CORPORAL: facemos distintos xogos e bailes nos que imos aprendendo algúns nomes dalgunhas partes do corpo e aprendemos tamén a localizalos no noso corpo e nos dos demais. Este mes traballamos a cabeza, as mans e os pés. As actividades máis destacables foron: bailamos a canción de "Chin pun", facemos a silueta dun neno e dunha nena en papel continuo e decoramos a cabeza, as mans e os pés, vémonos reflectidos no espello e sinalamos as partes que nos dín as profes, sinalamos nos compis e nos bonecos a cabeza, as mans e os pés.

- GRAFOMOTRICIDADE: garabateo con pintura de dedos sobre papel continuo. Este curso a maioría dos cativos disfrutaban pintando coas mans. Apenas lles da grima mollar as mans en pintura de dedos.

- ESTADOS EMOCIONAIS: este mes traballamos a ledicia e a tristura. Contamos contos nos que se falan de ambas emocións. Ollamos fotografías de nenos e nenas tristes e ledos, intentamos imitar as súas caras, falamos de porqué nos podemos atopar tristes ou ledos, intentamos imitar os xestos ollándonos no espello, decoramos a aula con fotos e debuxos de nenos e nenas tristes e ledos. Aproveitamos o traballo destas emocións para traballar a empatía cos [pequen@s](#), e ensinarlles que si ven a algún compi triste ou chorando lles den unha aperta, unha caricia ou un bico.

- FROITOS E FROITAS DE OUTONO: a chegada do outono provoca moitos cambios na contorna. Falamos das características do outono e para darlle a coñecer aos nenos e nenas os produtos típicos do outono fixemos varias actividades. En primeiro lugar pedimos a colaboración das familias para que nos trouxeran á aula distintos froitos e froitas de outono xunto con follas secas. Como sempre, a maioría dos papis e mamis colaboraron de marabilla e xuntámonos nas aulas con landras, castañas, noces, caquis, kiwis, mandarinas, uvas, espigas

de millo e moitas follas. Os [nen@s](#) ollaron, tocaron, uliron e probaron todo o que se podía probar. Xogamos a que éramos árbores e nos caían as follas ao chan, pisamos as follas, rachámolas...decoramos as aulas con follas plastificadas colgadas do teito e pegadas no chan...Coa axuda das profes debullamos millo e xogamos a facer transvases cos grans de millo. Enchemos e baleiramos vasos, enchemos botelliñas de auga e facemos maracas...

- MAGOSTO: O venres 22 de outubro celebramos o magosto na escola. Debido á COVID non puidemos celebralo xuntos todos os [nen@s](#) da escola, fixemos a celebración nas aulas. Debido á curta idade dos [nos@s](#) [nen@s](#) no grupo de 1 a 2 non comemos castañas, decidimos realizar un Biscoito de mazá e brochetas de froitas para celebrar o magosto.

- EXPERIENCIA CON LIMÓN E LARANXA: Ensinamos ambas froitas aos [nen@s](#) , deixamos que as manipulen, as ollen, as ulan e despois partímolos en anaquiños e dámoslles primeiro a laranxa para que a olen e a proben. Encantoulles. A continuación ofrecémoslles anaquiños de limón para que fixeran o mesmo. As reaccións foron parecidas entre todos pola sorpresa da acidez do limón pero varios dos [cativ@s](#) quixeron seguir saboreando o limón porque lles gustou o seu sabor.

Despois, mollamos medio limón en pintura amarela e media laranxa en pintura laranxa e estampamos en folios. Quedaron bonitas as siluetas de ambas froitas, aínda que algunhas levaban moita pintura e non se notaban moito as partes das froitas.

- SAMAÍN: O 29 de outubro celebramos o Samaín. Na semana do 25 ao 29 as familias aportaron cabazas decoradas na casa cos pequechos . Coma de cote, a participación foi extraordinaria. A entrada da escola encheuse de cabazas preciosas e enxeñosas que as familias decoraron nas súas casas. Nas aulas tamén decoramos ás nosas. Baleiramos algunha para que os nenos e nenas viran como son por dentro...

Ao longo desta semana tamén fomos disfrazando aos [cativ@s](#) de vampiros, cabazas, bruxas, pantasma, contamos o conto "Corre, corre cabaciña" co soporte visual do conto.

O día que celebramos o Samaín, contamos o conto "Corre, corre, cabaciña" axudadas por títeres. Tamén bailamos ao son da propia canción do conto. A aula decorámola coas cabazas dos [nen@s](#) e con luces indirectas. Coa aula a escuras escoitamos cancións do samaín e motivamos aos [nen@s](#) a que se caracterizaran de pantasma tapados con teas. Gravamos un pequeno vídeo que lles enviamos ás familias para facelas partícipes da nosa festa.

- CIENCIA: zombis escumosos. Na semana do Samaín, realizamos un experimento con vasos de plástico aos que lle recortamos os ollos e as bocas. Neles mesturamos vinagre, lavalouza, colorante e...bicarbonato. Tan pronto engadimos o bicarbonato produciuse unha reacción química que provocou que todo os vasos se desbordaran de escuma de cores que lles saían polos ollos e bocas que estaban recortados. Foi unha actividade rápida na que os [nen@s](#) estiveron moi atentos a todo o que pasaba.

## NOVEMBRO

- CONTO: Caracol e Caracola. Ao longo do mes de novembro contámoslle este conto axudados de monicreques e guiñol, do propio conto e coas nosas mascotas: un caracol e unha caracola feitos con calcetíns que foron as nosas mascotas ao longo de todo o curso. Este conto tamén o gravamos e o enviamos pola TokApp para que o viran as familias.

- MASCOTA: tivemos un par de caracois vivos na aula dentro dunha caixiña transparente aos que alimentábase con leituga e aos que liberamos no xardín da escola ao finalizar o mes.

- CARACTERÍSTICAS DO OUTONO. Observamos a nosa contorna e falamos de todos os cambios que se están producindo nela. As árbores quedan espidas, as follas caen ao chan, fai máis frío e témonos que ir abrigándonos un pouco máis.

- **ESQUEMA CORPORAL:** partes da cara. Fomos verbalizando e sinalando en nós mesmos todas as partes da cara. Tamén aprendemos a sinalalas nos demais, e en nós mesmos reflectidos no espello. Íamos a facer un cespín en cada aula pero por distintos motivos quedou sen facer. O curso próximo farémolo seguro porque temos todos os materiais necesarios para realizalo e seguro que aos [nen@s](#) lles encanta.

- **EMOCIÓN:** ledicia, tristura, sorpresa. Os [nen@s](#) disfrutaban cando nos ven ás profes teatralizar e facer que estamos tristes, ledas ou sorprendidas. Algúns, os máis desinhibidos imitábanos pero o resto observaba e ría ao ver as nosas caras. Aproveitamos distintos momentos da xornada para facelos conscientes de como se senten, para que observen aos compis si están chorando, si rín a gargalladas ou si se sorprenden ou asustan por algo.

- **COR:** vermella. Introducimos a cor vermella xogando e manipulando obxectos desa cor. Intentamos discriminar e saber diferenciar os obxectos vermellos dos que non o son. Pintamos con témperas vermellas en papel continuo, en folios, estampamos as nosas mans pintadas de vermello, pintamos con ceras vermellas...

- **GRAFOMOTRICIDADE:** garabateo con ceras sobre papel continuo primeiro e despois en folios.

- **PLANTAMOS BULBOS DE FLORES** en macetas individuais e cando medren as flores enviámolas para as súas casas. Houbo algunha flor que non foi arriba, pero a maioría si que floreceron. Non nos gustou moito o feito de haber decidido que lle mandábamos para casa as flores, porque quedarían mellor lucíndose no horto da escola, e así todos os [nen@s](#) poderían ver e observar as súas diferentes formas e cores. O próximo curso decidimos que as íamos a quedar na escola.

## **DECEMBRO**

- **PARTES DO CORPO:** barriga e cú. Continuamos ca aprendizaxe das partes do corpo. Fomos repasando todo o anteriormente aprendido e este mes engadimos a barriga e o cú. Aos [nen@s](#) gústalles moito traballar as partes do corpo, sempre mostran atención e empezan sinalando no seu corpo e acaban verbalizando os nomes de cada parte.

- **TURRÓN DE CHOCOLATE:** Esta actividade fixémosla en plenas navidades. É moi sinxela de facer e o resultado é delicioso. O primeiro que temos que facer é reciclar un brik de leite. Lavámolo e cortámolo pola metade ao longo de forma que xa temos dous moldes para facer o noso turrón.

O seguinte paso é fundir no microondas o chocolate e mesturalo con manteiga de porco e con arroz inflado. Unha vez está todo ben mesturado repartímolo nos moldes que tiñamos reservados e introducimos no frigorífico. Ao día seguinte xa o podemos comer. Estaba súper rico.

- **PANXOLIÑA:** Como debido á COVID aínda non podemos celebrar o Festival de Nadal, decidimos que cada clase gravara a súa panxoliña para enviarlla ás familias pola TokApp.

A clase A gravou a “Cantiga do Apalpador”. Os [nen@s](#) e as profes, viñeron vestidos con camisas de cadros ou polo vermello si non teñen camisas e pantalóns vaqueiros. Os [nen@s](#) tocaron os cascabeis ao son da panxoliña. Fixérono moi ben.

As clases B e C grabamos a panxoliña “Xa chega o Nadal”. Os [nen@s](#) estaban vestidos con pantalón vaqueiro, camiseta branca e bufanda e gorro de cor chamativo. Os [nen@s](#) tocaban instrumentos musicais como pandeiretas, cascabeis, campás...ao son da música. Quedou ben bonito.

- **MANUALIDADE DE NADAL:** A nosa manualidade é un adorno navideño para colgar na porta da casa. Utilizamos como base un cartón duro recortado en forma redonda. Os [nen@s](#) pintárono de vermello porque é a cor da roupa de Papá Noel. Tamén pintaron goma eva branca con témpera negra para facer o cinto. As profes fixemos a montaxe pegando medias bolas de poliespán imitando os botóns do abrigo de Papá Noel e unha hebilla de goma eva dourada co cinto negro. Pintamos na parte de abaixo a frase típica de Papá Noel “Ho, ho, ho” e pegámoslle un cordoncillo dourado para que o poidan colgar. Quedounos simpática a barrigola de Papá Noel.

- **HABILIDADES SOCIAIS:** actitude de espera a ser atendidos. Esta é unha habilidade que temos que traballar ao longo de todo o curso posto que hai [pequen@s](#) moi impacientes aos que lles costa moito esperar a súa quenda.

- **ORIENTACIÓN ESPACIAL:** arriba e abaixo. Sempre teremos como referente o noso propio corpo. Xogamos a estar arriba e abaixo do banco, das cadeiras, da escaleira do cambiador, do gusano do patio...Despois poñemos os xoguetes arriba na mesa ou abaixo no chan. Miramos o Sol que está arriba no ceo e nós que estamos abaixo no chan...

- **LEVAMOS OS NÓSOS TRABALLIÑOS:** Ao longo do trimestre fomos realizando distintas fichas relacionadas con todo o estamos traballando cos [pequen@s](#). Preparamos unha bonita portada estampando a man dos [nen@s](#) e facendo con ela un reno ben simpático.

- **VISITA DOS REIS MAGOS:** Nos días de Nadal tivemos unha visita moi especial. Os Reis Magos de Oriente viñeron á nosa escola a recoller as nosas cartas. Aproveitamos e sacamos unha foto con eles e metemos a nosa carta no seu buzón.

## **SEGUNDO TRIMESTRE**

### **XANEIRO**

- **ASAMBLEA:** Todos os días antes de poñernos a realizar actividades con nenos e nenas saudámonos na asemblea, cantamos a nosa canción do saúdo, vemos si falta algún compañeir@, falamos de si fai frío ou calor na rúa, si chove, si hai vento...Despois explicamos as actividades que imos facer a continuación e poñémonos mans á obra.

- **O INVERNO:** Decoramos a aula con pompóns brancos colgados do teito como si fora neve. Falamos das características do inverno: fai moito frío e temos que abrigarnos. Aprendemos os nomes das prendas de abrigo que poñemos en inverno: luvas , bufandas, gorras, abrigos...e xogamos na clase a abrigarnos e ollarnos no espello.

Ollamos sempre pola fiestra si chove ou quente o sol e cantamos a canción que toque según o tempo que faga:

“CHOVE,CHOVE”

Chove, chove  
na casa do pobre

neva, neva  
na casa de Lela

pinga, pinga  
na casa de Dominga

trona que trona  
na casa de Ramona



## “SOL, SOLIÑO”

O sol está escondido, non quere saír  
de detrás da nube púxose a durmir  
Sal sol, solíño. Quéntame un pouquiño  
hoxe e mañán e toda a semana.

- CIENCIA: Experimentamos a facer NEVE MÁXICA. Nun recipiente colocamos bicarbonato de sodio e fomos engadindo pouco a pouco a crema corporal ata que acadamos a textura desexada. Os [nen@s](#) desfrutaron facendo bolas e acabamos facendo un bonequiño de neve. Unha vez que xa nos cansamos de xogar engadímoslle vinagre branco e....sorpresa!! a neve comezou a botar burbullas e a converterse en espuma.

- CIENCIA: Esperamos a que chovera para facer este experimento e para decorar as fiestras das clases con paraugas de cartón e papel celofán de cores. Nun recipiente alto de cristal botamos auga ata casi arriba de todo. Despois botamos unha boa cantidade de espuma de afeitar(simulando que era unha nube). A continuación regamos a espuma con auga mesturada con colorante e pouco a pouco vemos como esa auga de cor atravesa a nube e cae a modiño parecendo que chove dentro do recipiente.

- PINTAN CON ROLO E TÉMPERA: sobre papel continuo, de xornal, folios, cartolinas...

- CESTO DOS PAPEIS: Aproveitamos que no nadal tivemos moitos agasallos e gardamos todos os papeis de agasallo que pensamos que nos poden ser útiles para que manipulen os [cativ@s](#). O primeiro que fixemos foi empacar algúns xoguetes para que eles os puideran desempacar. Fixérono coa ilusión de recibir un agasallo. Foi moi bonito.

- EXERCITAMOS OS MÚSCULOS DAS MANS: Utilizamos os papeis de agasallo e xogamos a empacar pezas de construción, desenrolando así a motricidade fina. Tamén xogamos a engurrar todo tipo de papeis (de agasallo, celofán, pinocho, xornal, embalar...), intentamos rachalos e dámonos conta de que non é tan fácil con algún tipo de papel. Cos anaquiños que consigamos facer xogaremos a collelos cos dedos índice e pulgar (pinza dixital) e pegarémolos nun folio.

- GARABATOS SOBRE FARIÑA E AZUCRE: Cubrimos un par de mesas con bolsas negras e botamos enriba nunha fariña e noutra azucre. Os [nen@s](#) imitan os nosos movementos e comenzaron a facer garabatos e raias sobre o fondo negro. A actividade foi rápida posto que había moitos pequechos que se divertían máis tirando ao chan o azucre e a fariña que garabatexando.

- APRENDEMOS A COIDAR E RECOLLER OS XOGUETES: Incidimos moito na importancia de non romper os xoguetes porque si o facemos quedamos sen xoguetes cos que xogar. Tamén imos ensinándolles que despois de xogar hai que deixar a clase recollida. Cada xoguete ten o seu sitio na clase. Isto traballámolo todo o curso pois non é algo que lles guste facer.

- XOGUETE DE REFUGALLO: Fixemos un coche para cada [nen@](#) pintando rulos de papel hixiénico con témpera e pincel. Pegaron gomets nas rodas e foron todos contentos co seu coche para a súa casa.

- COR AMARELA: Introducimos a cor amarela despois de traballar o trimestre anterior a cor vermella. Fixemos diferentes actividades :

- . ollamos fotografías de obxectos amarelos e dicimos os seus nomes fixándonos na súa cor.
- . separamos xoguetes amarelos e xogamos con eles.
- . Intentamos separar os xoguetes amarelos do medio dos outros, por exemplo as pezas de

construción préstanse moito para este tipo de xogos.

. Pintamos con ténpera amarela e ceras amarelas en papel continuo, en folios...

.Xogamos con globos amarelos...

- CONTO “A EIRUGA LARPEIRA”: Traballamos este conto ao longo de todo o segundo trimestre. Este mes contamos o conto utilizando como soporte o propio conto. Decoramos a clase cunha eiruga feita con globos verdes e a cabeza vermella.

- DÍA DA PAZ: O día 30 de xaneiro celébrase o Día da Paz e da non Violencia. Na nosa escola organizamos actividades relacionadas coa Paz ao longo da semana do 24 ao 28, posto que o 30 coincide en domingo.

Ao longo desa semana fomos estampando as mans dos nenos e nenas molladas en ténpera verde, e unha vez recortadas colocámolas na entrada da escola facendo o logo da nosa escola: as tres árbores unidas. En cada aula tamén decoramos unha pomba da paz, na clase A decorárona con algodón, en B con plumas brancas e en C con lá branca. Paralelamente, nas aulas contamos os contos “O día das apertas” e “Adiviña canto te quero”. Falamos da importancia de portarnos ben, de compartir os xoguetes cos amigos, de dar apertas e bicos en lugar de pelexar, de aprender a consolar ao que está triste... Algunhas profes fixemos unha representación do conto “O día das apertas” e envióselle a todas as familias que compoñen a nosa escola vía TokApp.

## FEBREIRO

- ENTROIDO: Iremos disfrazando e pintando aos nenos e nenas ao longo do mes deixando que disfruten dos disfraces e complementos que hai na escola.

A temática elixida este curso foi “OS ALIMENTOS”. Cada clase organizou un alimento en concreto, e púxose mans á obra. Os alimentos escollidos en 1 a 2 foron os seguintes:

- 1-2 A foi de ovo frito con patacas fritidas.
- 1-2 B foi de pizza.
- 1-2 C foi de galleta María.

Antes de comezar a elaboración dos disfraces en cada aula fixemos a nosa receita para que os [nen@s](#) puideran manipular, ollar, ulir e probar os alimentos reais. En A manipularon e probaron ovos cocidos, en B fixemos unha pizza colocando e probando tomate, xamón, queixo, champiñóns, tomates cherri e ourego. E na clase C fixemos galletas que tamén quedaron moi ricas.

Os disfraces tiveron a seguinte elaboración:

- A: OVOS FRITIDOS CON PATACAS FRITIDAS. Os [nen@s](#) pintaron medias bolas de poliespán con ténpera amarela. A base do ovo era goma eva branca. O ovo frito ía pegado na camiseta negra que aportou cada familia. Na cabeza levaban unha caixa de goma eva vermella con tiras de cartolina ondulada amarela simulando as patacas fritidas.
- B: PIZZA. Os [nen@s](#) pintaron coas mans e con pinces, en función de o que eles preferiran, gomas eva brancas. Cada lámina pintouse dunha cor determinada facendo así os ingredientes da pizza. Os tomates cherri eran boliñas de poliespan pintadas de vermello. Despois as profes recortamos e pegamos e quedaron unhas pizzas moi lucidas. Fixemos parte de diante e parte de atrás unidas por tirantes de goma eva.
- C: GALLETAS MARÍA. O material elixido tamén foi a goma eva. Os nenos pintaron os redondos de marrón e despois estamparon un marrón máis escuro cunha plantilla facendo a cenefa típica das galletas. Tamén levaban parte de diante e parte de atrás con tirantes de goma eva.



- SEMANA DE ENTROIDO do 21 ao 25 DE FEBREIRO.

Ao longo desta semana os [nen@s](#) e as profes seguimos as seguintes premisas:

O luns a escola irei e unha diadema na cabeza levarei

O martes chegarei e cun globo na man entrarei.

O mércores contento estarei pois cos beizos pintados irei

O xoves chegou e unha flor na meixela debuxou

O venres...o disfraz da escola a casa levarei.

O venres 25 disfrazámonos pola mañá e saímos ao patio en “comparsa” para ver os disfraces dos outros nenos e nenas.

- CONTO “EIRUGA LARPEIRA”. Este mes aproveitando a temática dos alimentos, centrarémonos tamén nos que come a eiruga no seu conto. Levamos á aula practicamente todas as froitas que se come a eiruga e ensinámosllas aos peques. Despois de ollalas, tocalas e ulilas chegou a hora de probalas...encantáronlle a todos.

Outro día cada [nen@](#) decorou a súa froita e despois plastificámolas para poder utilizalas para contar o conto. Pero necesitábamos unha eiruga grande na que poidesemos meter tanta comida. Consequímolos pintando pratos de cartón con témpera verde para facer as barrigas, unha por cada día que comía. A cabeza foi un prato pintado de vermello e tuneado coas antenas, ollos e boca. Quedounos unha eiruga moi grande e simpática que pegamos na fiestra da aula . Cando contábamos o conto os [nen@s](#) sentábanse diante e estaban moi atentos a todo o que pasaba. A bolboreta fixémola con cartolina e papeis celofán de distintas cores. Tamén era moi grande e voaba por riba dos [nen@s](#) ao rematar o conto.

- DENTRO/FORA respecto a sí mesmos: introducimos aos peques nestes conceptos espaciais que tanto utilizamos na nosa vida diaria. Xogamos con eles a estar dentro e fora da clase, do baño, de aros, de caixas...sacamos xoguetes das caixas para xogar e despois recollémolos dentro...

- PINTAMOS CON ROTULADORES en papel continuo, en cartolinas, folios...

## MARZO

- CONTO “EIRUGA LARPEIRA”. Preparamos un novo soporte para poder contar o conto. Cun bote de plástico transparente preparamos unha eiruga facéndolle a cariña coa boca aberta. Imprimimos as froitas e lambetadas que se come a eiruga e plastificámolas. Preparamos unha bolsiña de tea que fará as veces do casulo. Facemos unha bolboreta ben bonita para o final do conto.

Con este novo soporte, os [cativ@s](#) poden ir meténdolle a comidiña á eiruga pola boca no orden que nos di o conto. O que nos permite este conto é iniciar aos peques na numeración, posto que cada día come unha froita máis e podemos ir contando cada día cantas froitas vai comendo. Tamén podemos incidir na importancia de ter unha alimentación saudable, e non comer tantas lambonadas xuntas como fixo a nosa eiruga.

- MANUALIDADE: A principio de mes cada [nen@](#) levará para casa a súa eiruga feita con oveiros que eles pintaron de verde e vermello. Para finalizar o mes e o trimestre levan unha bolboreta feita con cartolina e papeis celofán de distintas cores.

- PLANTAMOS FABAS E LENTELLAS EN ALGODÓN. Puxemos todo en recipientes transparentes para que os peques poidan ver as raíces que van botando as fabas e as

lentellas.

- OS ANIMAIS. Ao longo da primeira quincena traballamos o tema dos animais. Sobre todo, fixemos fincapé nos animais máis próximos ao [nen@s](#) como son os animais de granxa. Cantamos cancións sobre animais: “A vaca lechera”, “A vaca Lola”, “Los pollitos”, “En la granja de María”, “Estaba el señor don gato”, “Cocorico”, “O polo Pepe”...

Ensinamos fotografías de distintos animais e dicimos os seus nomes e as súas onomatopeas. Explicamos onde viven e que os temos que coidar e alimentar.

- EXPERIENCIA LUCES E SOMBRAS. Cada [nen@](#) trouxo unha lanterna da súa casa. Escurecemos a aula e xogamos a acender e apagar as lanternas. Xogamos a facer redondos no teito e no chan movendo a lanterna. Tamén experimentamos a poñela pegadiña ao chan e vemos un redondo moi pequeniño e si a imos alonxando o redondo vaise facendo máis grande. Xogamos a adiviñar o nome de distintos obxectos, entre eles varios animais, que proxectábase coa lanterna no estor .

- PSICOMOTRICIDADE. Aproveitamos o tema dos animais para xogar a desprazarnos como eles arrastrándonos, gateando, saltando...ao tempo que imitan as súas onomatopeas.

- A MÚSICA. A segunda quincena de marzo adicámola á música. Ollamos fotografías de instrumentos musicais e aprendemos os seus nomes. Despois escoitamos os seus sons. Tamén escoitamos distintos estilos musicais e bailamos seguindo os seus ritmos. Xogamos cos instrumentos musicais que hai na escola e facemos unha orquestra.

- SON-SILENCIO. Introducimos estes dous novos conceptos facendo partícipes aos peques. Estamos bailando ao son da música e cando hai silencio temos que parar de movernos. Podemos facer moito ruído tocando os instrumentos e cando a profe dicía “¡silencio!”, todos deixamos os instrumentos e escoitamos o silencio. Tamén desfrutaban facendo ruído cos pés no chan ou aplaudindo e parando de golpe cando dicía a profe...Estes xogos gústanlles moito aos pequechos.

-GRAVAMOS A CANCIÓN DO SAÚDO: “BOS DÍAS” tocando os instrumentos musicais e enviámoslla ás familias pola TokApp.

- MANUALIDADE: fixemos a cabeza dun crocodilo con cartón que os [nen@s](#) pintaron de verde. Os dentes eran dúas chapas pegadas ao cartón que cando as facían chocar facían ruído.

## **TERCEIRO TRIMESTRE**

### **ABRIL**

- CELEBRAMOS A CHEGADA DA PRIMAVERA. Decoramos as aulas con flores de cores, falamos cos [nen@s](#) das características da primavera: fai máis calor, luce máis o sol, nacen moitas flores, vestimos con roupas máis fresquiñas cas que ensinamos algunhas partes do corpo...

-HORTO. Plantamos distintas sementes de flores de cores no noso horto.

- INTRODUCIMOS A COR VERDE. Buscamos xoguetes desa cor, por exemplo na caixa das construcións, e imos separando as verdes das amarelas e das vermellas. Tamén pintamos con témperas verdes en papel continuo, con ceras e rotuladores verdes. Pegamos gomets verdes e buscamos no xardín da escola “cousas” verdes: herba, follas das árbores...

- INICIÁMONOS NOS CONCEPTOS LONXE-PRETO. Aproveitamos as sesións de

psicomotricidade no patio da escola para poñernos todos xuntiños nun lado do patio e despois a profe apártase e vai lonxe do grupo. Despois fano os [nen@s](#), afástanse e o grupo queda quieto no mesmo sitio. Tamén facíamos unha roda grande todos collidos das mans e acercábonos moito uns aos outros dicindo “estamos moi preto” e despois alonxábanos sen soltar as mans e dicíamos que estábamos moi lonxe.

#### - INICIÁMONOS NO TRAZO VERTICAL.

Primeiro xogamos a facer trazos verticais no aire cos brazos, despois en papel continuo imitamos os trazos que xa están feitos pola profe, de arriba a abaixo. Probamos a facelos tamén na pizarra unindo dous debuxos, sempre de arriba a abaixo. Por último facémolo nun folio...

#### - CELEBRAMOS O MES DA ARTE adicado este ano a MARUJA MALLO.

Na programación anual consta que o mes da arte é en maio, e que as Xornadas de Portas Abertas son en abril. Como seguimos co problema da COVID , intercambiamos o mes de ambas actividades para ver si en maio xa poden entrar ás familias na escola para participar nas xornadas.

Ollamos as láminas nas que temos fotografías da súa obra e unha foto da pintora. Traballamos as partes da cara ollando os seus cadros. Imitamos un autorretrato da artista na que os [nen@s](#) poñen as partes máis importantes(ollo, nariz, boca,pelo). Traballamos as emocións (triste, contento, enfadado) ollando os cadros das máscaras. Intentamos replicar a máscara que máis nos guste facendo a manualidade da arte cos [nen@s](#). Entre as tres aulas facemos unha réplica dunha obra de Maruja na que temos que pintar con rolos, pegar papeliños, pintar con ténpera mesturada con sal, pegamos gomets... Tamén facemos unha réplica dos cubos , facendo cada clase dúas caras do cubo tuneando un autorretrato de Maruja Mallo...

O cubo das caras e o cadro expusémolo na entrada da escola para que o puideran ver as familias dos [nen@s](#).

- CELEBRAMOS A SEMANA DO LIBRO (18-22 de abril). Ao longo desta semana os [nen@s](#) ollarán os contos que trouxeron das súas casas e que pouco a pouco lles fomos contando na clase. Como aínda non é seguro que os avós entren na escola, e era o que tínhamos programado nas programacións trimestral e anual, solicitamos a participación de todos os membros da familia para que nos envíen un vídeo dalgún familiar contando un conto. Podemos afirmar con ledicia que participaron de forma moi activa e nos enviaron moitos vídeos que puidemos desfrutar na tv do comedor ou no portátil nas aulas.

O día 22 organizamos un mercadillo no patio no que expuxemos todos os contos que os [nen@s](#) trouxeron das casas, e os peques aproveitaron para mirar os dos nenos e nenas das outras clases.

- CONTO “A TARTARUGA QUE NON QUERÍA DURMIR”. Falamos tamén da importancia de coidar os contos e non rachalos. Este conto tamén fala da amizade e do importante que é coidar aos nosos [amig@s](#).

- CONTO “A QUE SABE A LÚA”. Este conto ímolo traballar ao longo do último trimestre. Contarémolo apoiadas no conto, pero tamén o contaremos con títeres. Animaremos aos cativos a que participen no relato chamando aos animais.

## MAIO

- CELEBRAMOS AS XORNADAS DE PORTAS ABERTAS nas que un membro da familia pode acercarse á escola e facer unha actividade cos [nen@s](#) na aula. Comprobamos que [todo@s](#) temos moitas gañas de compartir o noso tempo cos demais posto que a participación foi excelente. Practicamente todos os [nen@s](#) tiveron un familiar na escola contando un conto ou cantando unha canción...moitísimas grazas pola vosa participación sempre que volo

pedimos.

- A FAMILIA. Aproveitamos a realización das xornadas para traballar cos nenos e nenas o tema da familia. Decoramos as aulas coas fotos aportadas por todas as familias e ensinámolas aos [nen@s](#) dicindo os nomes de cada un dos membros. Non debemos esquecer que para os nenos e nenas nestas idades, mamá e papá non teñen nome, son MAMÁ e PAPÁ. Por ese motivo resulta interesante descubrirlles esa realidade. Todos e todas temos un nome independentemente de que sexamos mamá, papá, irmá ou avoa.

- INTRODUCIMOS A COR AZUL. Esta cor traballámola de igual forma que as anteriores cores. Presentamos obxectos desa cor xunto a obxectos doutras cores e os [nen@s](#) intentaron seleccionalos. Pintamos con témperas, ceras e rotuladores de cor azul, pegamos gomets azuis, buscamos prendas de roupa azuis...

- COÑECEMOS A FORMA REDONDA. Iniciámonos facendo redondos no aire, despois no encerado borramos co dedo o que está pintado con xices, intentamos facelos nós con xices, con ceras...Identificamos formas redondas en debuxos, por exemplo as rodas dun coche, o sol...

- EXPERIENCIA: FLORES DE PAPEL QUE SE ABREN NA AUGA. Démoslle uns debuxos flores para que as pintaran con rotuladores e despois recortámolas e pegamos os pétalos cara o centro da flor. Enchemos un recipiente con auga e cando botamos as flores...sorpresa!!! as flores abrían solas ensinando os seus pétalos. Encantoulles esta actividade.

- CONTO "A QUE SABE A LÚA". Solicitamos a participación das familias para facer unha súper manualidade relacionada con este conto. Pedímolles que nos traian rulos de papel hixiénico para que cada [nen@](#) faga todos os animais do conto e os leve para a súa casa a finais de curso. Así poderán representar o conto na casa tamén. Como sempre a participación foi marabillosa. Os [nen@s](#) foron pintando os rulos de papel cas cores que nós lles preparábamos e a verdade é que desfrutaron facéndoo porque acabaron controlando a técnica(cómo coller o rulo para pintalo co pincel, como ir dándolle volta para pintar todo...). As profes fixemos as cabezas dos animais a algunhas extremidades e quedaron preciosos. Na aula fomos contando o conto con esos animais novos que íamos facendo, posto que fixemos uns para que quedaran na escola.

Traballamos cada animal falando de como se chamaba, cal era o seu son, como se movían, de qué cor eran...

- CONTO "O POLO PEPE". Contamos o conto ensinando un conto pop-ups, no que aparece o polo e as súas patas, pico, barriga en releve e aos nenos e nenas encántalles. Despois escoitamos a súa canción e imitamos os xestos que fai a profe.

- CELEBRAMOS O DÍA DA FAMILIA. Sacámoslle unha foto a cada [nen@](#) cos brazos abertos como si estiveran dando unha aperta. A continuación estampamos as mans de cada [nen@](#) e recortámolas, pegándoas aos braciños de cada [nen@](#) na súa foto. O resultado foi espectacular. Pegamos todas as apertas de todos os [nen@s](#) na porta de entrada da escola xunto coas apertas de todo o persoal. Quedou moi colorido (as mans eran de distintas cores) e tenro.

- INICIÁMONOS NO TRAZO HORIZONTAL. Primeiro facemos no aire os trazos horizontais e despois intentamos seguir co dedo o trazo pintado pola profe na pizarra ou en papel contínuo. Deixamos que experimenten a facelo soíños e en canto non damos unha premisa don garabato aparece ante nós...pouco a pouco iremos alcanzando os nosos obxectivos.

## XUÑO

- ESQUEMA CORPORAL. Repasamos todas as partes do corpo traballadas ao longo do curso.

Pedimos que nos indiquen diferentes partes do corpo no propio corpo, no dos demais, en bonecos... Tamén facemos preguntas para “obrigalos” a que eles nomeen cada parte.

- CORES PRIMARIAS. Repasamos as tres cores primarias (vermello, amarelo e azul) e o verde. Facemos xogos de clasificar por cores e verbalizamos cada cor. Con varios obxectos de diferentes cores pedímoslles que nos dean unha en concreto...

- CONTO “ A QUE SABE A LÚA” Cando rematamos de facer todos o animais pedimos a colaboración das familias para que cada unha fixera a súa propia lúa. Como sempre, deixáronos abraiadas co seu esforzo e implicación. Decoramos a clase con todas as lúas e contamos o conto unha vez máis gravándoo para que o viran ás familias. Despois, cada nen@ foi levando cada día o seu animalíño por orden de aparición no conto e finalmente levaron as súas lúas.

- ACTIVIDADES DE AUGA. No mes de xuño non fixo moi bo tempo e soamente puideron facer esta actividade os nenos e nenas da clase C. Pero en xullo sí que conseguimos facela as outras dúas clases e gravar a actividade para que as familias viran o ben que o pasan os peques na escola. Dita actividade consistía en preparar varias piscinas no xardín da escola e deixar que os [nen@s](#) se deran un bo chapuzón. Pedímoslle ás familias que os trouxeran coa cremiña solar botada e con bañador e nós preparamos as piscinas con auga morniña e xoguetes para coller auga como vasos, teteras... pasárono moi ben. Soamente houbo dous nenos que non se quixeron meter na auga e xogaron desde fora da piscina.

- O CACHO. Queremos manter a tradición das herbas de San Xoán e sempre pedimos ás familias que nos traian herbas, flores e augas de fontes. Nas clases, xuntamos todas as herbas nun barreño no que botamos a auga e lavamos as cariñas dos pequenos para que teñan un ano cheo de cousas boas.

- EXCURSIÓN AO PARQUE DE CHAVIÁN. Foi toda unha experiencia posto que foi a nosa primeira excursión. O autobús asusta no primeiro momento pero despois case é a parte máis emocionante da actividade, posto que ao parque tamén soen ir coas súas familias. Alí xogaron nos tobogáns e nos columpios e despois de beber auga e tomar gusanitos xogaron á roda-roda e a pasar a pelota na pista de fútbol. Pasárono moi ben.

Rematamos esta memoria de actividades contentas de poder estar cos vosos [fill@s](#) , de poder compartir con vós estas personiñas tan especiais que nos aportan tanta ledicia. Moitísimas grazas pola confianza depositada en nós e tamén pola vosa participación sempre que foi solicitada.

FELIZ VERÁN E ATA SETEMBRO!!!

## **CLASES DE 2-3-ANOS**

O grupo de idade de 2 a 3 anos na Escola Infantil Municipal “ O Bosque” tivo matriculados este curso 41 nenos/as.

Empezamos o curso divididos en estas 3 clases . No mes de outubro, a parte de atrás da escola, onde está a unidade de 1 a 2, quedou inutilizada e foi necesario facer unhas obras de acondicionamento. Esta circunstancia imprevista, obrigounos a redistribuír todas as unidades da escola, para que as clases de 1 a 2 tiveran espazo onde estar mentres as obras se realizaban. Polo que as nosas 3 clases tivemos que reagrupalas en 2 . A clase “A” que tiña 11 [nen@s](#) repartiuse nas de “B” e en “C”, quedando 2 clases con 20 e 21 [nen@s](#) .Puidemos facelo desta maneira, xa que cumpríamos coa ratio , pois contamos cos [nen@s](#) que están a media xornada. Tamén fixemos unha redistribución coas profes , Susana foi para a clase “B” e Alba

para a clase “C”. Esta situación fixo que tiveramos que organizarnos moi ben para que as rutinas diarias se viran o menos afectadas posibles, e os nen@s levaran o mellor posible este axuste nos espazos. Esta situación, que nun principio iba a ser unha medida temporal, alargouse durante todo o curso, xa que as obras prolongáronse no tempo e as instalacións non estiveron dispoñibles ata setembro .

Sempre que comenzara o curso partimos dunha **programación anual** onde imos deixar clara a nosa proposta de traballo a seguir ó longo do ano. Cada trimestre facemos unha **programación trimestral** na que se concreta e especifica máis claramente obxectivos, contidos e actividades a realizar neses meses. E despois cada semana as educadoras de cada clase farán unha **programación semanal** na que adaptarán a proposta feita na trimestral as características particulares dos seus alumn@s.

Este curso baseamos a nosa proposta de traballo en función de determinados **centros de interese** que foron elixidos baseándonos en acontecementos tradicionais do noso entorno, nas estacións do ano, en festas e costumes propias... como por exemplo: o magosto, o Samaín, o Nadal ... e tamén organizamos actividades en base á experimentación a través de distintas **experiencias** onde o nen@ aprende a través da experimentación, a manipulación e a investigación...as veces de maneira libre e outra de forma dirixida. E traballamos tamén sobre **3 contos** : “ **A galiña roxa** “, “ **Podo mirar o teu cueiro** “ e “**A eiruga larpeira** “, un por trimestre. Fixemos unha representación do conto a primeiros do trimestre e logo desenvolvemos unha serie de actividades relacionadas co conto onde traballamos as emocións , os valores e distintos conceptos que están implícitos no seu relato. Tamén traballamos sobre o proxecto da **alimentación** , co que pretendemos fomentar o gusto pola alimentación san, achegando ós nen@s hábitos de alimentación saudables no día a día a través dos menús da escola .

A nosa **mascota** este curso foi Pancho, un canciño que xa estivo con nós o curso pasado e que nos acompañou nas actividades da clase, ó que saudábase todas as mañás, conservábase con el, veuse de excursión con nós, serviunos de consolo cando estivemos tristes, visitou as nosas casas..., en definitiva o noso compañeiro ó longo de todo o curso.

Agora imos facer un resumo das actividades máis significativas levadas a cabo en cada trimestre , agrupándoas por trimestres e máis especificamente por mes.

## **PRIMEIRO TRIMESTRE:**

### **SETEMBRO:**

O mes de setembro adicámolo por completo ó período de **adaptación** e durante este período intentamos facer actividades encamiñadas a diversión, ó xogo e a ir coñecéndonos entre nos, polo que non estiveron moi estruturadas para que foran collendo confianza con todo o que os rodea.

Algunhas das que propuxemos foron:

- Presentamos á nosa mascota o canciño Pancho a todos os amiguíños e amiguíñas que se incorporaron ás nosas clases este curso. Os que xa estiveron con nós o curso pasado tiveron un reencontro con pancho cheo de ilusión e con moitas ganas de compartir con el novas aventuras e experiencias.

- Deixamos que estes primeiros días se movesen libremente para que puidesen entrar en contacto cos distintos espazos, materiais, xoguetes... e fosen coñecendo os novos amiguíñ@s.

- Sentámonos no chan en asemblea para ir coñecendo os nomes de todos os compañeiros e compañeiras e tamén das profes. Aproveitamos a hora da asemblea para mirar o tempo que fai, o día que é , conversar do que imos a facer ó longo do día, falar de como nos atopamos, de quen falta ese día na clase...en resumen a asemblea será un punto de encontro para todos e na que todos podemos participar.
- Fomos ó patio de fóra , e alí xogamos ó aire libre coas carretillas, cos caldeiros, coas palas, coa area, botamos unhas carreiras... Foi un momento moi importante poder xogar ó aire libre como o fixemos no tempo das vacacións e axudounos a que a volta á escola non supuxera estar dentro da clase todo o tempo. Este curso o mes de setembro veu moi bo tempo co cal puidemos desfrutar do xogo ó aire libre todos os días.
- Intentamos identificar a nosa foto na percha e irnos familiarizando co noso perchero, pois alí gardaremos as nosas pertenzas durante todo o curso.
- escoitamos música, cantamos e bailamos o seu ritmo. Tamén puxemos música relaxante cando nos encontramos moi nerviosos ou angustiados.
- Xogamos con globos tendo coidado con todos aqueles que lles de medo que estoupen.
- Pintamos con distintos materiais: ceras, temperas, pincel..., xa sexa en folio ou nun papel grande.
- Xogamos no patio de dentro cos coches, na casiña, no tobogán, nas bicis, nas motos...
- Fomos familiarizándonos co sitio que vai ter cada un , coa súa cadeira e a súa mesa. Cada un pintou un animalíño que estará colocado no respaldo da súa cadeira. Ter un sitio fixo na clase axudaranos a organizarnos mellor. Aínda que esta decisión depende de se o cre conveniente cada profe.
- Fomos sentándonos na mesa e fixemos distintas actividades como pintar, ver contos, facer encaixables...
- Unha vez que rematamos de xogar axudamos a recoller os xoguetes.
- As profes contamos contos e outras veces serán eles quen os ollen.
- Tratamos de ir adaptándonos, pouco a pouco, ás rutinas de alimentación, hixiene, descanso e xogo que teremos na escola.
- Intentamos crear en todo aquilo que fagamos un clima de seguridade, de afecto, de cariño..., potenciando sempre o contacto físico a través de abrazos, bicos...

## **OUTUBRO E NOVIEMBRE :**

O **centro de interese** elixido para traballar ao longo destes dous meses foi o do **outono**, xa que a chegada desta estación ofrécenos moitos temas cos que podemos achegar aos nen@s experiencias que están moi ligadas a nosa cultura como a recollida do millo, o magosto, o Samaín...e que nos servirán para achegalos a estas costumes tan nosas. Ademais de traballar o outono tamén introducimos conceptos como : a cor amarela, a forma redonda, diferenza entre grande- pequeno, os proxectos de alimentación e empezamos a traballar sobre “ A galiña roxa “. Repartimos as actividades para traballar os distintos temas do seguinte xeito:

### **OUTUBRO:**



- Falamos sobre a estación do ano na que nos atopábamnos : o **outono**. E para ir familiarizando os nenos coas características propias desta época do ano fixemos distintas actividades:

- Introducimos o tema do outono . Mostramos murais , fotos, contos onde se perciban paisaxes con características propias desta época do ano.
- Trouxemos follas á clase e observamos a súa cor, a forma, o tamaño...
- Estampamos follas de distintos tamaños, formas e cores en papel.
- Tirámolas no chan e pisámolas e escoitamos o son que facían.
- Aproveitamos cando saíamos ó patio de fóra e recollíamolas da herba todas as que lle ían caendo as árbores. Observabamos como eran, que cor tiñan , a súa forma, o tamaño, a textura...
- Contamos contos nos que se trate o tema do outono ou no que aparezan elementos típicos desta estación como : “Corre, corre cabaciña “ , “As tres folliñas “...
- Experimentamos con froitos típicos desta estación como as noces, as landras, castañas, o millo, as cabazas...
- Cambiamos a decoración das nosas clases e rodeámonos de debuxos, móbiles e imaxes que evoquen o outono.
- Realizamos unha experiencia cos froitos do outono , na que podemos observar, manipular e degustar as froitas típicas destas datas : mazás, laranxas, kaquis, mandarinas, granadas....
- As profes fixemos caretas pintando caras en follas grandes, tamén fixemos máis caras de castañas, de follas... e sacamos unhas fotos moi divertidas.

- Introducimos a **cor amarela** e para que se foran familiarizando con esta cor fixemos algunha actividade como:

- Fixemos determinadas fichas nas que a cor amarela sexa o tema de traballo.
- Buscamos obxectos desta cor por toda a clase e metémolos dentro dun aro amarelo.
- Puxemos un papel grande no chan e pintamos con ceras ou témpera amarela.
- Pintamos as nosas mans de cor amarela e estampámolas nun folio.
- Pintamos con ceras amarelas no encerado.
- Collemos gomets grandes e pequenos de cor amarela e pegámolos nun folio.
- Xogamos con pasta de modelar amarela.
- Rachamos papeliños amarelos e logo pegámolos nun folio.

- Introducimos o concepto do **círculo** tamén con distintas actividades:

- Poñemos aros no chan de cor amarela e metémonos dentro deles.
- Facemos coa man redondos no aire e facemos redondos no encerado con xiz.
- Facemos garabatos nun folio e se queren poden intentar debuxar redondos.
- Manipulamos bloques lóxicos e distinguimos os redondos amarelos grandes e pequenos.
- Xogamos á roda ( dicindo a súa forma ): facemos unha grande e unha pequena
- As profes debuxan nun folio un redondo grande e un pequeno.
- Poñemos gomets grandes amarelos dentro do grande. Ao día seguinte pegamos gomets pequenos amarelos dentro do pequeno.
- Facemos psicomotricidade con aros grandes e pequenos.

- Desfrutamos moito do **xogo ó aire libre** no **patio exterior** da escola porque este curso fixo un mes de outubro estupendo, con moito sol e boa temperatura, o que nos permitiu poder estar xogando fóra case todos os días e non ter que pasar todo o día metidos nas aulas. Aproveitamos para observar como as follas das árbores que temos no patio ían caendo e xogamos a apañalas e ver como eran : grandes e pequenas, que color tiñan , que textura, o tamaño... Tamén corremos moito pola herba, subimos ó tobogán, sacamos pelotas da clase e xogamos con elas, pintamos nas pizarras que temos no patio... Desfrutamos moito do bo tempo e pasámolo moi ben !!.



- Empezamos a saír ó patio interior da escola , onde temos un espacio mais grande que nas aulas para facer **psicomotricidade**. Cada día facíamos unha actividade motriz diferente: un circuío, xogos con aros, con pelotas, desprazabámonos de distintas formas : correndo, andando cara atrás, de lado, saltando, de xeonllos...e ó rematar a sesión relaxabámonos deitándonos no chan mentres escoitabamos música relaxante.
- Empezamos a traballar sobre o conto “ **A galiña roxa** “.
  - O primeiro contacto que tivemos co conto foi contalo na clase un par de veces e logo a mediados de mes saímos ó patio interior da escola e as profes representámolo diante de todos os [nen@s](#), caracterizámonos de todos os personaxes : galiña, pato, can ,gato e os poliños. Disfrazámonos nas clases diante dos [nen@s](#) para que viran que éramos nós e que non tiveran medo. A representación foi todo un éxito, xa que recreamos a paisaxe e o decorado no que se ambienta o conto, polo que estiveron moi atentos e gustoulles moito.
  - Empezamos a facer unha manualidade na que cada [nen@](#) participou na elaboración dunha galiña , empregando para realizala distintas técnicas plásticas. Ó final do trimestre cada neno/a levou a súa para a casa.
  - Trouxemos á clase pés de millo coas espigas e puxémolos en un soporte para que estivesen dereitos, simulando unha leira de millo . Os nenos/as puideron observarlos e tocar as espigas. Tamén lles deixamos as espigas para que as puidesen ollar e manipular de cerca , puidesen observarlas coa carrupa e logo quitarlla e descubrir así que debaixo das carrupas estaban escondidos os grans de millo. Unha vez que observaron a diferenza entre as espigas coa carrupa e sen ela, puxémonos a debullar e conseguimos , aínda que con algunha dificultade ir sacando os grans de millo e fómoslos botando nun cacharriño, cando rematamos cos carozos que nos quedaron aproveitamos para xogar con eles e facer torres. Tamén aproveitamos para falar do millo, de para que se utilizaba.
  - Fixemos pan, trouxemos á clase fariña, auga e sal e amasamos o pan, como fai a galiña no conto. Despois de amasar todos , deixamos levedar a masa e a finais da mañá fixemos varios moletíños e levámoslos á cociña para metelos no forno . Ó día seguinte poidemos probalo , en vez de comer galleta repartimos un cachiño de pan a cada neno/a, para que puideran probalo e comprobar o bo que estaba. Saíunos moi rico e case todos repetiron.
  - Empezamos a realizar un mural para decorar á clase sobre o conto. Para realizalo empregamos as distintas técnicas plásticas para elaborar os personaxes do conto e o seu decorado . Cada neno/a colaborou na súa elaboración realizando distintos traballos. Deixámolo decorando a clase durante todo o trimestre.
- Fixemos unha **saída ao Pazo da Peregrina** para tomar contacto directo coa paisaxe do outono e da que estiveramos falando tanto na clase. Este curso decidimos facer esta primeira excursión do curso andando , xa que aínda estamos inmersos na pandemia e preferimos non meternos nun autobús, que é un espacio moi reducido e cerrado e os nosos [nen@s](#) non teñen mascarilla. Polo que esta primeira saída fíxemola en dous días , xa que estamos reagrupados en 2 clases. A primeira saída fíxoa a clase “B” o día 15 e a segunda a clase “C” o día 20. Saímos andando , facendo grupos pequenos, cada profe levaba 2 aros nos que levaba agarrados a 4 [nen@s](#) . O que fixemos foi desfrutar observando todo o que iamos encontrando durante o percorrido ata chegar ó Pazo e vimos cans , gatos, saudamos e démoslos bos días ás persoas coas que nos encontrábase, observábase a paisaxe... E cando chegamos ó Pazo observamos a paisaxe do outono ,xogamos coas follas e ó mesmo tempo apañamos unhas poucas para logo xogar con elas no Magosto, tamén buscamos cogomelos entre a herba, landras, castañas... e despois de tanta actividade tocou descansar un pouco e tomar

unha galleta e beber un vasiño de auga, así que nos diriximos a un pequeno mirador que hai na parte alta e sentámonos para repoñer forzas antes de voltar para á escola. Despois de tanta actividade as profes colleron as bolsas coas follas que apañáramos e volvemos a facer os pequenos grupos con cada profe para volver para a escola. Pasámolo moi ben, foi moi divertido e todos se portaron moi ben, aínda que os máis pequenos viñeron cansados, pois aínda é unha camiñata xeitosa e custoulle andar tanto.

- Empezamos a plantar no noso **horto**, esta é unha activade que imos a levar a cabo ó longo de todo o curso e no que iremos plantando distintas plantas en función da época do ano na que nos atopemos. Agora que comenza o outono **plantamos** uns **bulbos de xacintos e de tulipáns**, que son plantas que se dan neste tempo. Saímos cada clase un día a fóra e cada nen@ plantou un bulbo. Previamente na clase estiveramos falando sobre o proceso que ían seguir estas plantas ata chegar a poder observar as súas fermosas flores. O día en que programamos saír a plantar contamos o conto “A semillina”. Unha vez que se plantaron mirábamnos pola ventá ou saíamos a fóra para ver como ían saíndo as prantiñas da terra.
- Celebramos o **Magosto** co que celebramos á chegada do Outono e antes de celebralo falamos sobre esta estación nos días previos nas clases: o tempo que a caracteriza, a caída das follas, sobre os animalíños que nos podemos atopar se saímos ao monte, sobre as cores que predominan nas nosas paisaxes, sobre os produtos típicos destas datas... E un dos froitos típicos destas fechas é a castaña, produto que se recolecta nos nosos montes e que se pode degustar ben cocida ou asada. Así que o venres 22 fixemos a festa do magosto. A primeira hora da mañá despois da asemblea falamos sobre o outono e trouxemos á clase moitas follas de distintos tamaños, formas e cores e despois de observalas e tocalas, tirámolos no chan e xogamos con elas. Despois saímos todos ó patio interior da escola e as profes representamos o conto “As 3 follas” no guiñol e ó rematar celebramos o magosto e puidemos probar as castañas cocidas, que nos coceu a nosa cocíñeira, a maioría dos [nen@s](#) animáronse a probalas, pois seguramente era a primeira vez que comían este froito do outono. Despois fixemos unha pequena festa bailando ó ritmo da música.
- Celebramos toda a escola o **Samáin**, como xa vimos facendo hai uns anos celebramos esta festa de orixe celta e para dala a coñecer ós nosos nen@s fixemos cos nenos/as as seguintes actividades:

- Ó longo de toda a última semana deste mes invitamos ás familias a que trouxeran á escola cabazas decoradas, este ano animáronse moito a participar nesta actividade, pois o curso pasado non se puidera levar a cabo debido á pandemia. Cada neno/a trouxo a súa cabaza á clase e cada día ensinabámoslle ós demais todas as cabazas que se trouxeran e despois de observalas de cerca e de poder tocalas levámolos a entrada da escola. Houbo cabazas moi bonitas e orixinais que decoraron a entrada durante toda a semana.

- Trouxemos cabazas ás nosas clases para que os nenos/as as puidesen ollar, manipular, apreciar as súas formas distintas, o seu colorido, as súas texturas.... A continuación realizamos un traballíño no que tiñan que pintar unha cabaza, que previamente debuxáramos nun folio as profes, e cada un elixiu ou ben o laranxa ou o verde que eran as cores que predominaban nas cabazas que estiveran manipulando.

- Baleiramos e decoramos varias cabazas: as que baleiramos puxémoslle ollos, nariz e boca e logo colocamos no seu interior unha candeia acesa. E tamén decoramos unha cada clase, que puxemos na entrada da escola, xunto ás que foron traendo das súas casas os nenos/as ó longo da semana. Este ano animáronse moitas familias e estaba a entrada da escola moi bonita, decorada con cabazas moi orixinais e moi traballadas.

- Contamos varios contos de “medo”, de monstros, vampiros, bruxas... como: “A araña máis intelixente” Edit. Baía Edicións, “Samaín” Edit. Radio Galega, “Ruídos de espanto” Edit. Osborne, “Monstruos divertidos” Edit. S.M., “La fábrica de monstruos” Edit. Artime.... A todos lle gustaron moito e estiveron moi atentos mentres os contamos.

- O día 29 que é o día no que se celebra o Samaín ambientamos a clase coa decoración propia destas datas e tamén trouxemos disfraces de bruxas, todos os nenos /as que se animaron disfrazámoslos e maquillámoslos e sacamos fotos. As profes tamén nos disfrazamos de bruxas. Como música de fondo puxemos a canción do Samaín de Mamá Cabra. Trouxemos para a clase unhas cantas cabazas das que estaban na entrada da escola para ambientar á clase e sacar fotos xunto cos disfraces. Despois de levar a cabo estas actividades nas clases saímos ó patio e representamos no guiñol o conto “Corre corre cabaciña” e despois cantamos a súa canción.

## NOVEMBRO:

Neste mes seguimos co mesmo centro de interese do outono e seguimos a facer actividades relacionadas con el e tamén outras encamiñadas a traballar outros conceptos que tiñamos previsto abordar neste trimestre. Foron as seguintes:

- Seguimos plantando no noso horto. Este curso decidimos plantar **landras** e **castañas** a primeiros do mes de novembro, esperando que a finais de curso poidamos facer unha saída no Día do Medioambiente ó monte e transplantar os carballos e os castiñeiros que logren saír a diante.
- Unha das características máis representativas do outono é a caída das follas das árbores, así que adicamos un par de xornadas a traballar coas **follas**. Aproveitamos as que recolléramos na saída á Pazo, que tiñamos gardadas nunha bolsa grande para un día xogar con elas. Dende enriba dunha mesa as profes tiráronas polo aire e estraron a clase delas, puideron xogar pisándoas, colléndoas e tirándoas ó aire, buscaron castañas e landras que tamén recolléramos ese día e que viñeron na bolsa coas follas. Outro día trouxemos máis follas á clase e puideron observarlas manipulalas observando as distintas formas, tamaños, cores... e tamén estampámoslas nun folio.
- Tamén xogamos con **caixas**, trouxemos á clase bastantes caixas e papeis de periódico. Intentamos facer bolas co papel e encestalas dentro das caixas e así traballar o concepto dentro-fora e despois de que xa nos cansamos de facer bolas xogamos a meternos dentro delas e tamén a diferenciar entre grande-pequeno ofrecéndolle caixas mais grandes e outras máis pequenas e pedíndolle que as clasificasen en montóns diferentes. As caixas sempre son unha aposta segura para plantexar unha actividade, pois disfrutan xogando con elas.
- Traballamos sobre os conceptos **grande-pequeno** e **arriba-abaxo** con distintas actividades. Plantexamos diversas actividades na aula en distintos días nos que se familiarizaron e interiorizaron estes conceptos.
- Seguimos realizando actividades sobre o conto “**A galiña Roxa**”.

- A mediados de mes saímos as 2 clases ó patio interior e representamos o conto no guiñol e ó rematar a representación cantamos e bailamos todos xuntos a canción da galiña.

-Rematamos o mural sobre o conto. Para realizalo empregamos as distintas técnicas plásticas para elaborar os personaxes do conto e o seu decorado . Cada neno/a colaborou na súa elaboración realizando distintos traballíños. Deixámolo decorando a clase durante todo o trimestre.

- Rematamos a manualidade da galiña .

- Fomos a vídeo a ver o conto . Era unha narración do conto apoiándose nas ilustracións do mesmo.

- Practicamos ó longo do mes varias **sesións de relaxación con masaxes**. Este curso temos clases moi movidas, con nenos/as que están cheos de enerxía e que botan a maior parte do día moi activos. E creemos que era moi necesario adicar algunha parte do día a relaxarnos e a descansar nun ambiente tranquilo no que se apagan as luces e se pon música relaxante de fondo. Cada clase escollía o día ou momento dentro dun día para practicar esta técnica e así baixar a actividade do grupo.
- Realizamos **sesións de psicomotricidade** todas as semanas e imos variando as actividades : realizamos circuítos onde poñemos en práctica distintos exercicios motores como subir, baixar, gatear, arrastrarse, saltar..., xogos con pelotas, con aros, con panos de malabares, iniciámonos no ioga con exercicios básicos....E rematamos a sesión sempre cuns minutos de relaxación.

## DECEMBRO:

Coa chegada do mes de decembro chega ós nosos fogares o Nadal, co que os rapaces disfrutan tanto, pois é un tempo no que chega Papá Noel e os Reis Magos e no que se vive na rúa un ambiente de festa e de colorido, así que o centro de interese proposto para este mes foi o Nadal.

- Como sempre por estas datas , preparamos o **Festival de Nadal** na escola. Este curso seguimos inmersos nunha pandemia , polo que , como no curso anterior tivemos que seguir o protocolo COVID e suspender a realización do festival na Casa de Cultura .Decidimos seguir levando a cabo a idea que xa se plantexou o curso pasado e que consistía en gravar as actuacións e realizar un vídeo que logo se mandaría ás familias , para que puidesen disfrutar véndoo todos xuntos nas súas casas.

Ó estar divididos en 2 clases cada unha elixiu unha canción navideña para bailar e un “disfraz “ para ir vestidos todos iguais.

- A clase “B” elixiu a canción “ Nadal chegou “ de Diego Rincón e foron vestidos de elfos.

- A clase “C” elixiu a canción “ os Reis Magos de Santo André “ de Mamá Cabra e foron vestidos de agasallo.

Despois de estar ensaiando a actuación durante varios días gravámola .

O persoal da escola escollemos o conto clásico de “Carapuchiña Vermella” e fixemos a súa representación. Realizamos os decorados pertinentes e caracterizámonos cada unha segundo o seu personaxe e gravamos a súa representación.

Fixemos tamén unha foto de cada clase ( nenos/as e profes) e o resto do persoal para felicitar as Festas ás familias para a que nos vestimos con atuendos axeitados para estas datas e realizamos un decorado de nadal para o fondo.

Así despois de gravar todo o que tiñamos previsto, montouse o vídeo no que se expuxo o seguinte contido :

- Actuación dos nenos.
- Representación do conto “Carapuchiña Vermella “ por parte do persoal e profes da escola.
- Fotos de felicitación das Festas de todas as clases e de todo o persoal da escola.

E enviouse ás familias o 23 de decembro.

- Como **manualidade de Nadal** cada neno fixo unha cara de Papá Noel ou un sombreiro de nadal. Para realizalo utilizamos o seguinte material:pratos de cartón, algodón, cartolina , purpurina, depresores. O primeiro que fixemos as profes foi preparar os pratos para poder facer a manualidade e cun cuter recortamos o cu do prato , deixando un redondo baldeiro para que o neno/a poidese meter a sua cara. Despois cada un fixo o seu traballo. Os que elixiron o Papá Noel pintaron o gorro de vermello , colocaron redondos de cartolina no gorro e un pompón de algodón no extremo do gorro e na parte inferior do prato moito algodón , que seria a barba. Os que elixiron o sombreiro de nadal , despois de que as profes recortaran a forma do sombreiro decorárono pintándoo e botándolle purpurina. E unha vez rematado colocámoslle un depresor na parte inferior do prato , para que os nenos/as o puidesen agarrar e poder meter a sua cara no interior do prato e así ser un Papá Noel ou poñerse un bonito gorro de nadal.
- Aproveitando que estamos no Nadal fixemos a experiencia que tiñamos prevista para este mes que era facer **amendoados**. Estes días de Nadal moitos dos [nen@s](#) non viñeron á escola , pois quedaron na casa coas súas familias desfrutando duns días de descanso e de reunións familiares, así que decidimos facer os amendoados todos xuntos , xuntámonos nunha e dividímonos en dous clase grupos e primeiro ensinámoslle os ingredientes que iamos utilizar:
  - 2 ovos.
  - 200 gr de azucre.
  - Un pouquiño sal.
  - Rapadura de 1 limón .
  - Unha pouca canela.
  - 250 gr de améndoa moída.

Unha vez que os observaron , tocaron e manipularon fomos mesturándoos pouco a pouco, todos foron axudando, uns cantos tornáronse para bater os ovos, outros botaron o azucre, outros o sal, a canela, raiaron o limón , outros botaron a améndoa moída... e entre todos remexeron a mestura. Unha vez que estivo todo mesturado e foi collendo consistencia a mestura botámola na mesa e amasámola. Deixámoslle a cada un un pouco de masa para que a puidesen amasar . Unha vez xa estivo a masa lista démoslle forma e fomos colocando as boliñas en bandexas do forno e ó rematar levámoslas á cociña para que a nosa cociñeira os metese no forno. Xa estaban listos na hora da comida, pero deixámoslas para probar ó día seguinte na hora da galleta. Estaban boísimos!!.

Resultou unha experiencia moi participativa , na que todos puideron colaborar e cun resultado moi apetitoso!!

- Como nestas fechas se decoran moito as rúas,os parques, as casas, as tendas.. nos tamén quixemos **decorar as nosas clases** para que tamén na escola se respirase ese ambiente navideño e en cada clase todos os [nen@s](#) colaboraron facendo un mural navideño que quedou decorando a clase todo o Nadal. Tamén fixemos fichas con temática navideña como bolas de Nadal, árbores cos seus adornos navideños, os Reis Magos...
- Fixemos a **carta para os Reis Magos**. Trouxemos á clase catálogos de xoguetes e cada neno/a elixiu os que mais lles gustaban e despois de recortalos cada un pegou os que quería na sua carta. Así deixamos preparadas xa as cartas para a primeiros de xaneiro

votalas ó Buzón Real.

- Introducimos ó longo deste mes a **cor vermella**, e fixemos distintas actividades para traballala :
  - Buscamos obxectos vermellos por toda á clase.
  - Fixemos distintas fichas nas que traballamos esta cor.
  - Xogamos con pasta de modelar vermella.
  - Traballamos a mancha.
  - Pegamos gomets vermellos en papel continuo.

## SEGUNDO TRIMESTRE :

### XANEIRO:

Coa chegada do mes de Xaneiro empezamos o segundo trimestre, despois das festas de Nadal os nen@s chegan á escola con moito que contar: os xoguetes que lle trouxeron os Reis e Papá Noel, o colorido que viron nas rúas, a decoración que puxeron nas súas casas para estas festas..., e tamén comencamos unha nova estación: o **inverno** sobre o que traballaremos ó longo deste mes.

Neste mes realizamos as seguintes actividades:

- Este curso debido á pandemia e en especial ó repunte de contaxios que se estaban a dar nestas fechas, non nos desprazamos a oficina de correos, como viñamos facendo antes da pandemia, para levar as **cartas as Suas Maxestades Os Reis Magos** de Oriente. Pero conseguimos que as Súas Maxestades se acercaran á escola e visitaran ós nosos nenos/as. Foi toda unha sorpresa para eles, puideron velos sentados nos seus tronos e sentarse no seu regazo e que lle deran a cada neno/a un pequeno agasallo. A a continuación cada un botou no Buzón Real a sua carta. Despois de botar todas as cartas sentámonos todos xuntos e fixemos unha foto de grupo coas Súas Maxestades. Foi todo un acontecemento para eles ver os Reis tan de preto e poder botar a carta.
- Os días anteriores ó día de Reis estivemos a falar na clase deste día tan especial para os [nen@s](#) e traballamos sobre este tema con distintas actividades como a realización dun mural grande no que estaban os 3 Reis Magos, feito en papel continuo, no que todos colaboraron pintando, pegando gomets..., tamén fixemos unha ficha , observamos imaxes, fixemos cada un a súa carta... Despois do día de Reis os [nen@s](#) chegan á escola moi contentos por todos os agasallos que lles trouxeron . Na asemblea das mañás falamos sobre todos os xoguetes que lles trouxeron ,e cada un á sua maneira conta todo o que lles deixaron debaixo da árbore.
- Introducimos o tema do **inverno** , pois a finais do mes pasado xa cambiamos de estación, deixando atrás o outono. Para tratar este tema eliximos as seguintes actividades:
  - Cambiamos a decoración da clase quitando todos os motivos navideños e ambientámola para a chegada do inverno.
  - Falamos da chegada dunha nova estación: o inverno.
  - Ollamos fotos, debuxos, murais...onde aparece unha paisaxe típica desta estación e

comentámola.

- Fixemos uns bonecos e vestímolos con roupa axeitada para esta estación.
- Conversamos sobre os cambios no noso contorno que implica o inverno: fai máis frío, pode nevar, non podemos saír ó patio de fóra porque chove...
- Falamos sobre o cambio na roupa que vestimos. Ó facer máis frío temos que abrigarnos: usamos luvas, bufanda, gorros, abrigos...
- Observamos este tipo de prendas que usamos no inverno e vestímolos.
- Falamos sobre o frío que fai nesta estación e aproveitamos que este ano está a vir un inverno moi frío e con moitas xeadas para falar disto e un día abrigámonos moito con bufanda, gorro, luvas...
- Pintamos entre todos un boneco de neve moi grande en papel continuo e deixámolo decorando a clase todo o trimestre.
- Acordámonos cada día de mirar pola fiestra e observamos o día que facía e logo puxemos o símbolo correspondente no mapa do tempo.
- Conversamos sobre as comidas que solemos comer nesta época: sopas, caldos, potaxes...

- Falamos sobre **a neve**, que é tan típica desta estación, aínda que na zona na que nos vivimos non a vemos moi a miúdo, pois nos vales non é tan frecuente que neve como nas montañas. Estivemos pensando como facer neve para que puidesen experimentar con ela e conseguimos facela mesturando bicarbonato e auga....a verdade é que foi sorprendente a textura que logramos alcanzar, pois incluso nos permitiu facer un pequeno boneco de neve, pequenas bolas....e experimentar coa súa textura. Foi unha experiencia novedosa poder xogar con neve que non estivese moi fría.
- Tamén experimentamos co **xeo**. Enchemos con un pouco de auga moitos globos e introducimos en cada un, un pequeno xoguete e levámolos ó conxelador, de modo que cando rompemos o globo quedaba unha bola de xeo con unha sorpresa dentro. O día que fixemos a experiencia démoslle a cada neno un globo e puideron manipular a bola de xeo, chupárona, arrimárona á cara, e experimentaron a sensación que lle producía ó querer collela e esvararlle das mans ....pero todos estaban entusiasmados por ver como se iba derretendo para poder rescatar do seu interior a sorpresa que tiña cada bola de xeo. Desfrutaron moito da experiencia!!
- Celebramos o **Día da Paz** e para introducir o tema falamos do que significa a Paz para nen@s tan pequenos cos que estamos a traballar: non pegar, darnos bicos e abrazos, querer e respectar aos compañeiros, obedecer as profes e papá e a mamá, compartir... Entre toda a escola este ano decidimos decorar a entrada co logo da nosa escola, unha árbore, feita coas mans de todos os nosos nenos e ó redor da árbore colocamos unhas pombas da Paz, cada clase fixo unha decorada con distintas técnicas plásticas. Tamén dicimos poñer no portalón do patio de fóra a palabra Paz feita con cachiños de bolsas brancas anudadas na reixa e unha pomba moi grande feita con globos brancos tamén anudados na reixa.

Como actividades de clase realizamos as seguintes :

- Contamos moitos contos nos que se tratasen conceptos e valores como a amizade, o compartir, o quererse... como " Porque te quero tanto ", " La ovejita que vino a cenar ", " De que cor é un bico ", " Los besos del lobo feroz "...
- Fixemos unhas fichas moi bonitas sobre a amizade e o amor.
- Charlamos na asemblea sobre o que significa a palabra Paz: quererse, non pelear, obedecer...
- Trouxemos á clase un peluches moi grandes e xogamos a collelos e darlles abrazos e bicos e tamén entre nós.

-Xogamos e bailamos con globos brancos ó ritmo de cancións que falan sobre distintos conceptos asociados á paz como “ Campás pola paz “ de Migallas “ Paz , Paz “ de Juanes, “ Porque no ser amigos “ de Hombres G ...

As profes gravamos o conto “ O día das apertas “ e o Día da Paz mandouse un vídeo ás familias co conto e tamén con un montón de fotos e vídeos nos que se podían observar todas as actividades que fixemos nas clases para festexar este día.

- Introducimos a **forma cadrada**, para o que fixemos distintas actividades:

- Pegamos polo chan cadrados amarelos e vermellos. O que nos fixo familiarizarnos coa forma cadrada e discriminar a cor amarela e vermella.
- Xogamos cos bloques lóxicos e solo seleccionamos de todos eles os cadrados.
- Buscamos pola clase obxectos con esta forma.
- Fixemos algunha ficha para discriminar entre cadrado e redondo.
- Debuxamos nun folio un cadrado e pintamos dentro de cor vermella.
- Fixemos un cadrado no chan e xogamos a meternos dentro e a saír fóra.
- Fixemos xogos en psicomotricidade con esta forma.

- Introducimos o concepto **Igual/diferente** e para traballar sobre el realizamos as seguintes actividades:

- Sacamos un zapato de cada nen@ e poñémolo nunha morea, quedando co outro zapato na pé, despois cada un ten que encontrar o seu, é dicir, o que é igual.
- Facemos grupos de obxectos iguais pola sua cor, polo seu tamaño...e grupos de obxectos diferentes.
- Xogamos cos calcetíns que temos na clase e espárexámoslos e deixamos que intenten buscar a sua parella

- Introducimos o concepto **dentro/fóra** e fixemos distintas actividades para conseguir distinguir os dous conceptos:

- Saltamos dentro e fóra dos aros, metemos xoguetes dentro dunha caixa e despois sacámoslos fóra.
- Metémonos dentro dunha caixa e saímos
- Fixemos xogos en psicomotricidade con música, a música soaba e cando deixaba de sonar tiñamos que meternos dentro dos aros.

- Os nenos/as empezaron a **levar a Pancho ás súas casas** a fin de semana, foi unha experiencia nova para eles , xa que debido ó protocolo establecido pola pandemia o curso pasado non se puido levar a cabo esta actividade.

## **FEBREIRO:**

Neste mes imos a desfrutar traballando sobre este **Entroido**, pois é unha celebración tradicional no noso entorno, cargada de fantasía e ilusión. Xa empezamos a primeiros de mes a traballar sobre este tema, aínda que se celebra nos últimos días do mes e a primeiros do que ben. Ademais Pancho vai nos a presentar a outros amiñños seus : os **animais** salvaxes, os domésticos e os acuáticos.

- Empezamos a traballar o tema dos **animais** , fomos introducindo os animais domésticos,



os salvaxes e os acuáticos. Ó longo deste mes fomos facendo actividades como:

- Ensinamos láminas onde aparecerán animais destes tres grupos
- Fixemos fichas dos distintos animais.
- Ensinamos e nomeamos os animais que temos na clase e imitamos os sons que emiten.
- Xogamos ó vexo vexo con animais, dando pistas sobre eles.
- Contamos os contos de cu-cu tras e tamén outros de animais como o polo Pepe, o crocodilo Sr. Coc, Cocorico, A mosca chosca...
- Fixemos un mural cada clase, un sobre os domésticos, outro sobre os salvaxes e outro sobre os acuáticos. Os nenos colaboraron na elaboración do fondo, e despois foron asignado cada animal o seu entorno. Os animais puxéronse con velcro para que os puidesen manipular. Quedou moi bonito e quedou decorando a clase durante un tempo.

- Introducimos a **cor azul** e para que se familiarizasen con ela realizamos distintas actividades como:

- Buscamos obxectos pola clase desta cor.
- Traballamos a mancha en folio e en papel continuo.
- Fixemos algunha ficha sobre esta cor.
- Pintamos en papel continuo con distintos utensilios: rodillo, pincel, cepillo, esponxa...
- Fixemos montóns de obxectos que foran de cor amarelo, vermello e azul. Para lograr distinguilos.
- Introducimos xogos en psicomotricidade con aros de cor azul, pañuelos...

- E a primeiros deste mes tamén nos puxemos a traballar nos **disfraces** do **entroido**, xa que este ano celebramos esta festa a finais de mes e a primeiros do mes de marzo, pero fainos falta o tempo para ir confeccionando os nosos disfraces. Decidimos que este curso os nosos disfraces tratarían sobre as comidas e as nosas clases escolleron os seguintes:

- Clase B: Madalenas
- Clase C: Xeados

Durante todo o mes estivemos deseñando e facendo os nosos disfraces, cada neno/a colaborou na elaboración do seu empregando distintas técnicas plásticas.

Ademais de facer o noso disfraz fixemos outras actividades relacionadas co entroido:

- Colaboramos na decoración da entrada da escola . As profes fixeron un stand onde se ofrecían xeados e madalenas, que foron feitas polos nenos/as.

- Ó longo de toda unha semana levamos a cabo un taller de maquillaxe e de disfraces, no que todos os nenos/as puideron disfrazarse e maquillarse. A cada neno/a sacouselle unha foto que se puxo na entrada da escola ,para que todas as familias puidesen observar e quedarían decorando a entrada durante todo o período das festas do entroido.

- Durante varios días trouxemos á clase o armario no que temos os disfraces e os complementos e deixamos que os nenos/as libremente se disfrazasen e xogasen a quitar e poñer distintos complementos.

-Cada neno/a fixo un antifaz coa cara dun animal, aproveitando que tamén estamos a traballar o tema dos animais. Pintárono con ceras e botáronlle purpurina e levárono para a casa o luns de entroido..

- Durante a semana final de mes elaboramos un calendario de consignas que todos os

nenos/as deberían cumprir cada día cando viñesen á escola. As consignas foron as seguintes:

- 1.- O luns á escola irei e unha diadema na cabeza levarei.
- 2,- O martes chegarei e cun globo na man entrarei.
- 3.- O mércores contento estarei, pois cos beizos pintados irei.
- 4.- O xoves chegou e unha flor na meixela debuxou.
- 5.- O venres o disfraz da escola á casa levarei.

-O venres 25 sería o día no que se celebraría a festa do entroido ,na que as familias se achegarían á escola para participar na merenda do entroido, pero un ano máis, igual que no curso pasado, esta festa tívose que suspender debido á pandemia.

Así que pola mañá celebramos unha festa de disfraces toda a escola, pero distribuídos en distintos horarios segundo as clases, para non xuntarnos. Puidemos lucir os disfraces que estivemos elaborando durante todo o mes e fixemos un pequeno desfile polo patio e logo celebramos unha festa na que puidemos bailar, xogar con globos...

### ● Empezamos a traballar no **proxecto do conto Podo mirar o teu cueiro ?**:

Este conto aborda o tema do control de esfínteres. É un tema pendente aínda para algúns dos nenos/as que temos nas nosas clases, polo que o fomos traballando a través deste conto con distintas actividades:

- Contamos o conto na clase durante varias xornadas.

- Conversamos sobre o tema de sacar o cueiro e exemplificamos esta circunstancia poñendo como exemplo a un neno que aínda tiña o cueiro e a outro que xa non o tiña. Falamos sobre o que supoñía sacar o cueiro ( sacar o bodi e poñer bragas ou calzoncillo, facernos maiores e facer pis ou caca no baño....).

- Representamos o conto no guiñol. Saímos todos xuntos ó patio da escola e despois de elaborar as marionetas de todos os animais que saen no conto representámolo diante de todos os nenos/as.

- Decidimos facer como manualidade para levar para a casa o personaxe protagonista do conto: un ratiño. E neste mes empezamos a ir facéndoo. Cada neno/a foi pintando o seu.

### **MARZO:**

Neste mes seguimos traballando o tema dos animais e puideron vir as nosas clases as mascotas que os nenos teñen nas súas casas . E adicamos todo o mes á música.

● Neste mes seguimos traballar o tema dos **animais** e seguimos facendo actividades para continuar co que xa empezamos o mes pasado. Realizamos as seguintes actividades:

- Mandamos una nota ós pais para que todos aqueles nenos que tiveran nas suas casas algunha **mascota** as puideran traer á escola . foi unha boa oportunidade para que os nenos puidesen entrar en contacto con animais reais e poder tocalos,velos, conversar sobre eles... Este curso algunhas familias animáronse a participar e visitáronnos varias mascotas ; unha cadelinha e uns peixes de André, unha tartaruga de Aira, un canciño de Alejandro...Foi una experiencia moi positiva, pois os nenos puideron establecer un

contacto real con algúns dos animais ós que estiveramos vendo en fichas ou fotos e dos que estiveramos aprendendo diversas cousas: as súas características, grupo ó que pertencían, sons que emitían...e esta foi una forma moi boa de poder telos cerca e interactuar con eles. Unha vez que a mascota deixaba ás nosas clases fixemos unha ficha sobre ela e ó terminar a xornada o neno/a a quen pertenza levou unha postal de recordo coa foto do animal e os seus compañeiros de clase.

- Aproveitamos tamén que estábamos a tratar o tema dos animais para **conversar sobre a nosa mascota** : o canciño Pancho, falamos das súas características, do que comía, onde vivía...e para rematar esta actividade cada neno fixo un traballíño nun folio dun can ó que tiñan que pintar. Gustoulles moito poder deixar a Pancho así de bonito. Gardamos o traballíño para que o puidesen levar cos demais a finais de trimestre.

● Este mes adicámolo á **música**, e fixemos distintas actividades para traballar sobre este tema como :

- Escoitamos diferentes estilos musicais: música clásica, pop-rock, música galega. E bailamos ó su ritmo.

- Xogamos cos instrumentos que temos na clase e intentamos familiarizarnos cos seus nomes e os sons que emiten.

- Fixemos sons coas diferentes partes do corpo.

- Exploramos obxectos sonoros : latas, paus, cousas de metal...

- Distinguimos o son do silencio.

- Fixemos xogos onde discriminamos estes dous estados.

- Xogamos ó escondite sonoro: agachamos un obxecto que emita son (móbil, despertador, radio, xoguete sonoro ... ) e tiñan que atopalo.

- Reproducimos diferentes ritmos sinxelos.

- Bailamos libremente ó ritmo da música.

- Fixemos algunha ficha de algún instrumento musical.

- Empregamos a música en psicomotricidade para facer xogos .

- Trouxemos á clase potas, testos, botes, culleres de madeira e de metal...e fixemos unha pequena orquestra.

- Invitamos ás familias a que viñeran á escola a tocar algún instrumento. Este curso debido ó protocolo Covid deberían de actuar no patio de fóra , para poder estar ó aire libre. Viñeron a **actuar os pais de Kiara** co seu grupo de música galega “ Os Retranqueiros “. Tocaron, cantaron e bailaron. Tocaron instrumentos como a gaita, a pandeireta, o tambor, a botella, o pandeiro, as castañolas. Tamén nos mostraron distintos traxes, o de gala e o de faena. Ensináronnos o pano de 5 puntas, que tiña un século de antigüidade. Bailaron e cantaron distintas pezas. Estiveron todos moi atentos e desfrutaron moito da actuación.

● Rematamos co **proxecto** do conto : **Podo mirar o teu cueiro?**. Neste mes seguimos a traballar sobre o tema principal deste conto que é o control de esfínteres e contamos de novo o

conto no guiñol, algún neno/a xa se animou sacar o cueiro e xa estamos no proceso de ir controlando , pouco a pouco, os esfínteres .Tamén rematamos a manualidade do ratiño, o protagonista do conto, e a finais de mes xa puido levar cada neno/a o seu para a casa.

- A aproveitando que estábamos a traballar a música deseñamos unha **actividade** onde se xuntaba a **luz e o son**. Fomos para a clase que utilizamos de dormitorio e puxémola a escuras. Mentres soaba música clásica relaxante proxectamos por toda a clase imaxes de estrelas e planetas ,que ían cambiando de formato e cores . Foi unha experiencia que lles encantou , polo novedosa que lles resultou.

Tamén trouxemos á clase unha “bola máxica “ e que tamén utilizamos nesa mesma sesión coa clase a escuras. Dentro dela había unha bolboreta que proxectaba unha especie de raios laser, que cambiaban de dirección cando os nenos/as lle tocaban. Foi tamén unha experiencia moi chula , xa que quedaban hipnotizados coa emisión dos raios.

Noutra sesión tamén utilizamos esta clase a escuras para montar unha pequena discoteca. Trouxemos á clase unha bola que emitía luces de discoteca, xiraba e proxectaba luces de moitas cores. Puxemos música alegre e movida de distintos estilos e bailamos ó seu ritmo, mentres puxemos a funcionar a bola . Foi todo un éxito tamén esta actividade, pasárono pipa bailando e saltando ó ritmo da música.

## **ABRIL:**

O mes de abril adicámolo a celebrar o mes da arte, e este curso escollemos á pintora Maruja Mallo para achegarnos a súa obra e darlla a coñecer ós nosos nenos/as. A parte de traballar sobre as producións desta autora tamén celebramos o Día do Libro, empezamos co proxecto sobre “A eiruga larpeira”, introducimos a cor verde, a forma triangular e plantamos hortalizas no noso horto.

Para traballar todos estes temas fixemos as seguintes actividades :

- Ó longo deste mes demos a coñecer e traballamos sobre a obra de **Maruja Mallo**, pintora que eliximos este curso para adicarlle o **Mes da Arte** .Esta pintora naceu en Galicia ,en Viveiro, logo trasladouse a Madrid onde estudou Belas Artes e coñeceu a grandes pintores como Salvador Dalí, quen a introduce no surrealismo e xunto con el e con outros grandes pintores, escritores e escultores formarían parte da “Generación del 27”.Para dala a coñecer ós nenos/as e achegalos á sua obra realizamos as seguintes actividades :
  - Presentamos á autora con un vídeo, onde se conta a vida e obra da autora a modo de conto.
  - Presentamos tamén a Maruja Mallo a través de láminas coa sua foto nas distintas etapas da sua vida . Tamén ensinamos e deixamos que ollen e manipulen unha ampla variedade de láminas onde se reproducen distintos cadros da autora.
  - Realizamos un mural entre todos sobre unha obra súa , un autorretrato. Utilizámolo para colocar na porta da entrada e presentar a autora a quen imos adicar este mes .
  - Escollemos unha época da súa produción artística na que se centrou en traballar o espacio e acercámola ós nenos/as . Ensinámoslle láminas desta etapa e conversamos sobre o espacio: estrelas, planetas, astronautas...E baseándonos nesta temática realizamos unha manualidade , unha clase fixo un foguete e outra un astronauta. Para realizalos utilizamos

distintas técnicas plásticas e distintas texturas. Personalizámoslos poñéndolle a cada un a foto de cada neno/a. Unha vez rematados colgámoslos no teito da porta da entrada e deixámoslos todo o mes a modo de decoración. Unha vez finalizado o mes cada un puido levar o seu foguete ou astronauta para a súa casa.

- Ó mesmo tempo que estabamos a traballar nesta manualidade sobre a temática do espacio, trouxemos un proxector á clase e con toda a clase a escuras proxectamos imaxes de estrelas e planetas.

- Escollemos unha das súas obras na que plasma unha piña de uvas e reproducímosla con volume , utilizando distintos materiais . Utilizamos como base para realizala unha bandexa de repostería pequena e sobre ela reproducimos este cadro, realizándoo con volume utilizando materiais como o papel de seda, limpiapipas, feltro...Ó rematar o mes cada neno/a levou o seu cadro para a casa.

- Nunha época da súa obra Maruja Mallo plasma nos seus cadros distintos tipos máscaras. Reproducimos en cartón estas máscaras e os nenos/as pintáronas. Utilizámoslas para xogar na clase .

- Noutra etapa da súa obra pinta cubos con caras. Utilizamos esta época da súa obra para traballar tamén esta forma . Traeremos á clase cubos grandes de porexpan e nalgúns dos seus lados colocaremos distintas fotos de Maruja Mallo e noutras das súas caras fotos dos nenos/as. Empregámoslos para facer distintos xogos na clase.

- Realizamos distintas fichas sobre a autora e a súa obra.

- Seguimos co noso **horto** e arrancam os bulbos que tiñamos de xacintos e de tulipáns e gardámoslos para logo transplantalos ó xardín que temos fóra da escola. Unha vez que deixamos a terra libre de bulbos preparamos a terra para **plantar as hortalizas**. Saímos e plantamos leitugas , chícharos e patacas. Agora teremos que coidalas e regalalas, arrancarlle as herbas e....esperar a que den o seu froito.

- Neste mes tamén celebramos o **Día do libro** e para festexalo, como vimos facendo outros anos, pedímoslle a cada neno que trouxese á clase o libro que máis lle gustase para deixalo durante toda a semana e así poder cada día ir contando e ollando uns cantos contos e desfrutar deles todos xuntos. O venres 22 dividimos o patio da escola , debido ó protocolo COVID e acondicionamos un recuncho para cada unidade con alfombras e coxíns e unha pequena mesa onde colocamos todos os contos e saímos para celebrar unha pequena Feira do Libro, na que todas as clases sacamos todos os contos que trouxeron os nenos para compartilos cos demais compañeiros. Puideron ollar todos os contos e compartir a lectura dalgúns deles que lle ofrecemos as profes.

Ó rematar de desfrutar desta pequena feira recollemos todo e deixamos o patio libre . Redistribuímonos ,sentándonos por unidades para poder desfrutar toda a escola xunta da representación do conto cantado de “ Bartolito “. A representación correu a cargo das profes da escola e foi todo un éxito, gustoulles moito.

Na celebración do Día do Libro tamén ofrecemos a posibilidade ás familias de participar, pero no momento da pandemia no que nos encontrabamos aínda non podían entrar na escola , polo protocolo COVID, así que propuxémoslle que gravasen algún conto e o mandasen á escola. Aínda se animaron bastantes familias e participaron enviando contos contados por distintos membros da familia e nalgúns deles participaron tamén os nosos

nenos. Puidemos desfrutar e velos todos xuntos na tele da escola. Foi unha experiencia moi bonita.

- Empezamos a traballar no **proxecto “A eiruga larpeira “** . Empezamos este proxecto contando o conto de diversas formas, utilizamos como soporte o libro e tamén facémolo utilizando os personaxes do conto feitos por nós.

Aproveitamos a narración do conto para conversar sobre temas como o da alimentación e o do importante que é alimentarnos de xeito san para medrar tanto como a eiruga, distinguimos entre alimentos saudables e os que non o son tanto, falamos da importancia de comer froita, de comer variado...e reflexionamos sobre a importancia da alimentación no proceso de crecemento.

A través do conto tamén repasamos os días da semana e a seriación e realizamos distintas actividades nas que repasamos estes conceptos.

Fixemos distintas fichas nas que cada neno/a fai unha eiruga e unha bolboreta , utilizando distintas técnicas plásticas.

- Introducimos tamén unha nova cor, a **cor verde**, e para traballar sobre ela fixemos diferentes actividades que lle axudaron a identificala e familiarizarse con ella. Entre elas as seguintes

- Buscamos obxectos desta cor por toda a clase.

- Discriminamos a cor verde das que xa traballamos anteriormente (amarela, vermella e azul ).

- Fixemos fichas específicas onde se traballou esta cor.

- Traballamos a mancha.

- Fixemos un mural sobre esta cor.

- Empezamos tamén o coñecemento dunha nova forma, **o triángulo** e para familiarizarnos coa súa forma diseñamos varias actividades:

- Utilizamos os bloques lóxicos para identificar a forma e tamén os utilizamos para diferenciala do círculo e do cadrado.

- Fixemos algunha ficha onde se identifica esta forma.

- Debuxamos no chan a forma do triangulo para tela cada día presente e se vaian familiarizando con ela.

## **MAIO :**

Este mes de Maio adicouse ás **xornadas de portas abertas**, aproveitando que o protocolo COVID xa se foi relaxando e xa se permitía que as familias puidesen entrar na escola. Retomamos esta actividade , que xa levabamos 2 anos sin poder levar a cabo.Estas xornadas teñen como obxectivo de que os papás e as mamás veñan á escola a explicarnos as súas profesións. Tamén no noso entorno percibimos que xa estamos na **primavera** e dende a escola queremos que os nen@s perciban as suas características e por iso

dedicamos este mes a falar das flores, dos paxariños que chegan de fóra, das flores de cores que nos rodean, do arco da vella, dos días que van facéndose máis grandes...e introduciremos tamén a educación vial e festexaremos o Día da Familia.

Para traballar estes temas realizamos as seguintes actividades:

● Volvemos a poder celebrar as **xornadas de portas abertas**, despois de estar 2 anos sin poder facelo, pola pandemia. Invitamos á escola ós papás e as mamás para que nos viñeran e contar e explicar en que consistían as súas profesións e fixeran algunha actividade relacionada coa mesma. Animáronse bastantes familias e viñeron a compartir con nós unha xornada. Tivemos as seguintes visitas:

- Papá de Daniel que é montador na TVG.
- Mamá de David e Vicky que é Policía Nacional.
- Mamá de Bella que é perruqueira.
- Mamá de Aira que é maquilladora.
- Pai de Alicia que é electricista.
- Nai de Pablo que é farmacéutica.
- Nai de Lucas que é camareira.
- Nai de Sara.

Foi unha experiencia moi enriquecedora e positiva, para ambas partes, os nenos/as desfrutaron moito coa presenza dos papás e mamás nas clase, pois ofrecéronlle actividades moi novedosas e distintas, estiveron moi atentos e entusiasmados e participaron activamente en todas as xornadas. Por outra banda os papás e as mamás tamén se foron moi contentos por poder entrar de novo na clase e compartir cos seus fillos e os seus amiguiños/as un pouco do seu tempo.

● **Visita da Policía Nacional e dos Bombeiros.** Tiñamos previsto durante este mes que adicamos parte do noso tempo a traballar sobre as profesións invitar a estes dous grupos de profesionais que miran polo benestar cidadán e que tanto lle gustan ós nenos/as.

Nun principio tiñamos pensado invitar á Policía Local para que nos visitase, pero a mamá duns xemelgos das nosas clases é policía Nacional e apuntouse a visitarnos, xunto cun compañeiro seu. Trouxeron un furgón policial e un coche patrulla, deixaron que os nenos/as observaran os coches, entraran neles, deixaronlle poñer as gorras, as placas, os escudos que levan para protexerse, activaron as sirenas...Pasárono xenial e desfrutaron tendo cerca a este tipo de profesionais e as súas ferramentas de traballo. O final sacamos unha foto todos xuntos. Foi unha experiencia moi bonita.

Tamén nos visitaron os Bombeiros de Brión. Trouxeron o camión de bombeiros e explicáronnos que facían no seu traballo e que ferramentas utilizaban. Deixaron que os nenos/as subiran o camión, puxeron os cascos, accionaran a sirena...Tamén lles ensinaron unha das manguerías grandes que levan para apagar o lume, desenrolárona e botaron auga e deixaron que os nenos/as que se animaran puideran collela. Ó rematar tamén fixemos unha foto con eles. Foi moi divertida a experiencia e desfrutaron tendo tan cerca o camión, que tanto lles chama atención.

● Celebramos a **chegada da primavera** e falamos do que esta estación significa, xa que os días son máis grandes, o tempo xa mellora e vemos máis o sol polo que podemos saír a fóra a xogar, empezan a vir os paxariños, as bolboretas, xa podemos cambiar a nosa roupa e vimos con manga corta...e entre outras actividades fixemos as seguintes:

- Ensinámoslle murais e fotos da paisaxe típica desta estación, na que se observan flores, paxariños, o sol...
- Fixemos algunha ficha das cores da primavera e dalgún dos animalíños que hai nesta

estación.

- Fixemos un mural entre todos no que pintamos flores de cores con distintas técnicas: pintamos con pincel, coas mans, estampamos... e deixámolo decorando as clases.
- Mandámoslle a cada neno que trouxera das súas casas flores silvestres e ese día na clase ollámolos, ulímolos, manipulámolos, falamos sobre as cores que tiñan, a forma, o tamaño, sacámoslle os pétalos...

● Iniciámonos na **educación vial**, fixemos varias sinais de tráfico, as máis coñecidas. Falamos sobre elas, de como se chamaban e do que significaban. Fixemos un pequeno circuíto no que os nenos se tiñan que mover por el cos coches e as motos respectando as sinais. Gustoulles moito e foi moi divertido.

● Celebramos o **Día da Familia**. Pedímoslle ás familias que nos trouxeran á escola unha foto de familia e durante varias xornadas estivemos coñecendoas, conversamos sobre como se chamaban papá e mamá, os irmáns, en que traballaban, onde vivían e aproveitamos para conversar sobre canto temos que querer ós nosos familiares: papás e mamás, avós, padriños, tíos... e de como temos de comportarnos cando estamos con eles. Un días antes de celebrar o Día da Familia o 15 de maio cada neno/a da escola estivo facendo un pequeno traballo no que quixemos plasmar un abrazo, facendo unha foto de cada un cos brazos abertos e estampando as mans, e esta composición colocámola nun marco que previamente pintara cada neno. Cando cada neno/a da escola tivo feito o seu colocámolo na entrada da escola para decorala e festexar o Día da Familia, unindo as mans de todos os membros da nosa gran familia de O Bosque. Na clase tamén fixemos algún traballíño individual no que traballamos este concepto de familia.

● Rematamos de traballar o proxecto do conto “**A eiruga larpeira**”. Representamos o conto no patio todos xuntos. Desta vez tamén os nenos/as puideron participar na representación e quedou moi chula. Seguimos traballando na manualidade do personaxe protagonista do conto, a eiruga, e conseguimos rematala a finais de mes e xa cada neno/a puido levar a súa para a casa. Quedaron moi bonitas!

## **XUÑO:**

Xa nos atopamos no último mes do trimestre e xa están cada vez máis cerca as vacacións, das que todos temos xa ganas, pois levamos traballando moito todos estes meses. Neste mes de xuño tivemos o Festival de fin de curso, os xogos coa auga...

As actividades que máis destacamos foron as seguintes:

● Dende primeiros de mes estivemos moi atarefados preparando o noso **festival de fin de curso**, pois este curso os nosos nenos e nenas xa se nos van para “o cole dos maiores” e queremos dicirlles adeus cunha festa de despedida na que participen todos e á que poidan asistir as familias. Este ano retomamos a celebración desta festa de fin de curso, despois de 2 anos sin poder levala a cabo, pola pandemia. Xa tiñamos moitas ganas de poder volver a xuntarnos coas familias e poder estar todos xuntos de novo, para poder despedir ós nosos nenos e nenas, que xa levan con nós moito tempo e desexarlle todo o mellor nesta nova etapa que van a comenza. O festival celebrouse na Casa de Cultura de Bertamiráns o día 17 e tivo o seguinte guión:

1.- Actuación dos nenos e nenas:

- clase “B”: interpretaron a canción “A Rianxeira” de Uxía Lambona.



- clase "C" : interpretaron a canción " No verán " de Trasnos Máxicos.

2.- Vídeo : puidemos ver un vídeo moi emotivo con fotos e vídeos de todos os nenos/as realizando actividades .

3.- Entrega de diplomas : cada profe entregou o diploma a cada nen@ da súa clase e xunto con el un pequeno agasallo que lles quedará de recordo do seu paso pola escola do Bosque.

4.- Despedida bailando todos xuntos a canción "Arios amigos " do grupo A Guagua.

Este curso o festival foi un éxito , pois saíu todo xenial. Os nenos/as portáronse moi ben, participaron nas cancións e nas coreografías moi animados, aínda que coma todos os anos, a algún que outro entroulle o medo escénico á hora de subir ó escenario e houbo algunha que outra bágoa. Foi moi emotivo e tanto as familias coma as profes dounos moita pena ter que despedir ós nosos nenos, cos que xa levamos tres anos vivindo o día a día e a hora das despedidas sempre é triste.

- A primeiros de mes festexamos o **Día do Medioambiente** e saímos a parte de atrás da escola a transplantar os carballos e os castiñeiros , que saíron de plantar as landras e as castañas no primeiro trimestre. Logramos que saíran uns cantos carballos e un castiñeiro. Preparamos a terra e saímos por clases a transplantalos . Fixemos grupos pequenos e foron plantando no seu buratiño cada árbore, o rematar de plantar regamos coa regadeira.

- Case ó remate do mes é a festividade de San Xoan no que o día 23 é costume sair a recoller as herbas e plantas para facer o **cacho**. É unha tradición celta que consiste en encher un recipiente de boca ancha con auga e engadir as follas e flores de sete herbas ou plantas. O xoves 23 cada nen@ trouxo da casa distintas herbas aromáticas, e flores para botalas nun cacharro con auga e deixalas esa noite ó rocío e poder lavala cara ó día seguinte. Pero este ano a noite de San Xoan coincidiu a venres e foi festivo, polo que nada máis rematar de facer o cacho xa lavamos a cara coa auga. Foi moi divertido !!

- Celebramos tamén unha das actividades que máis lles gusta cando chegan estas datas que é a **fiesta da auga**. Aproveitamos a primeiros de mes que viñeron uns días nos que fixo moita calor para facer esta actividade . Este curso ademais de poñer a mesa da auga , trouxemos tamén un pequeno inchable, un aspersor que espallaba auga con distintos chorros , fixemos un circuíto con globos de auga e tamén colocamos unha guirnalda de globos de cores. Montamos un pequeno parque multiaventura!! . Pola mañan desvestímonos todos, solo quedamos coa braguiña e co calzoncillo, e saímos a fóra. Xa tiñamos preparada a mesa chea de auga e empezaron a metelas mans na auga, chapugar, mollar o pelo...Unha vez que xa entraron en contacto coa auga trouxemos cacharriños, regadeiras...e deixamos que xogasen libremente. Tamén puideron xogar no inchable, mollarse co aspersor e estoupar os globos de auga. Foi moi divertido porque podían cambiar de actividade cando eles quixeran e corrían libremente mollados nun día estupendo de moita calor. Pasárono "pipa " e chegoulles a pouco o tempo que durou a experiencia.

- Para traballar o **verán** falamos del, das características atmosféricas que se dan nel, das actividades que realizamos, da roupa que vestimos, dos alimentos que solemos comer....e fixemos xeados . Tamén fixemos traballiños , cantamos cancións , observamos murais e fotos das paisaxes e actividades típicas desta estación...

- Fixemos a experiencia programada para este mes e elaboramos **xeados**. Fixemos polos de piña, laranxa e mazá con zume de froitas. Trouxemos á clase os zumes e fóronnos mesturando con auga nos moldes dos polos e despois levámoslos todos xuntos á cociña e metémolos no conxelador. Deixámoslos ata o día seguinte e saboreámoslos na hora da comida na sobremesa. Cada neno/a colleu un e a todos lles gustou moito. Estaban deliciosos !!

- E xa para rematar este curso a primeiros de xullo saímos ó noso **horto** onde plantamos as hortalizas e **recollemos a nosa colleita**. Este ano hai que dicir que foi pobre e apenas logramos recoller nada porque as leitugas non foron arriba e non medraron nada, as patacas non produciron moito e recollemos poucas e os chícharos tampouco deron moito, pero ben, entre todos recollemos o que había e conversamos sobre estes alimentos e ollámoslos, tocámoslos...e lévallos a Suli, a nosa cociñeira, para que os aproveitase na cociña.

- Tiñamos previsto facer unha saída a finais de curso pero o tempo no mes de xuño estivo bastante malo e non puidemos saír, así que fixemos unha **fiesta de despedida** por todo o alto na última semana do mes de xuño, pois en xullo algúns dos nenos/as xa se van de vacacións. Decoramos o patio de fóra con banderíns e puxemos música para bailar e fixemos unha merendola con gusanitos e zumes. Tamén xogamos con globos. Pasámolo xenial todos xuntos. Puidemos bailar, correr, xogar e facer unha merendola de media mañá todos xuntos.

A parte de todas estas actividades que recollemos nesta memoria tamén realizamos moitas outras que recollemos nas programacións trimestrais e fomos realizando ó longo dos tres trimestres tendo en conta as distintas unidades didácticas que tiñamos programadas, pero ademais tamén realizamos unha serie de actividades e rutinas que repetimos ó longo de todo o ano e que tamén foron moi importantes á hora do noso desenvolvemento cognitivo, motriz e de socialización, como foron as seguintes:

## **ASAMBLEA :**

Unha vez que todos os nenos/as estean xa na clase, empezamos a xornada sentándonos todos na asemblea. Vai a ser a rutina diaria que marque o comezo do día, Aproveitamos para saudar a Pancho e a cada un dos nenos/as coa canción de “ bos días “, tamén conversamos sobre os nenos/as que non viñeron eses días á escola, o día da semana que é, o tempo que fai, en que estación do ano nos encontramos e tamén deixamos un tempo para que se hai alguén que teña algo que contarnos o faga. E finalmente conversamos sobre as actividades que imos a levar a cabo ó longo do día. Esta rutina é moi importante, pois é un punto de encontro, que nos permite empezar o día dunha forma organizada.

## **HORA DA GALLETA:**

A media mañá, despois de ter un tempo adicado a traballar naquelas actividades previstas, sentámonos cada un na súa cadeira e tomamos un pequeno temtenpé, unha galleta e un pouco de auga. Hai nenos/as que veñen moi cedo ou almorzaron pouco e necesitan tomar algo a media mañá, ata que chegue á hora da comida. Aproveitamos esta rutina tamén para estar un pouco tranquilos e descansar un pouco.

## **ANIVERSARIOS:**

Ó longo de todo o curso fomos celebrando os aniversarios de tódolos nenos/as, intentamos celebrarillo o día no que cumpren, a non ser aqueles aniversarios que cadran na fin de semana, festivos ou vacacións que os celebramos cando estamos de novo na escola. O día en que hai cumpre xuntámonos todos arredor dunha mesa na clase e colocamos un mantel , traemos a torta e o nen@ que está de cumpre sitúase no medio coa súa coroa e entre todos cantámoslle “ Parabéns “ e “Aniversario Feliz”. Cando se vai para a casa leva a coroa de recordo e mandámoslle ás familias un pequeno vídeo -montaxe coas fotos da festa .

## **PSICOMOTRICIDADE:**

Un día á semana tócanos facer un pouco de psicomotricidade no patio interior, exterior ou na clase, segundo a sesión que teñamos preparada. Xogamos a subir polas escaleiras e baixar pola rampla, saltar dentro e fora dos aros, meternos polo túnel, xogar cos churros, facer diversos xogos psicomotores, facer pequenos circuítos... e moitas outras actividades que preparamos as profes en función dos contidos que esteamos a traballar en ese momento.

## **MOMENTO DO CONTO.**

Todos os días adicamos un momentinho para contar un conto, comentar unhas láminas ou fotos, observar e falar sobre un mural...momento que aproveitamos para traballar a comprensión e a linguaxe no que os nen@s se poden expresar libremente e no que intentamos fomentar o diálogo e a comunicación.

## **XOGO LIBRE:**

Ó longo do día non todo son actividades dirixidas, xa que tamén temos momentos nos que os nen@s poden xogar libremente, baixo a vixilancia das educadoras : con pezas de construción, coa cociña e os cacharriños, cos coches e os garaxes, coas bonecas, cos instrumentos,cos maletíns das profesións, coa roupa...., momentos moi importantes para aprender a compartir, interactuar,entaboar conversacións, aprender a establecer regras do xogo, esperar quendas...

## **SAÍDA Ó PATIO:**

Despois de traballar un pouco na clase e de tomar unha galleta e auga, a media mañá saímos ó patio, se o tempo o permite saímos ó de fóra e se non imos o patio de dentro. Se podemos saír a fóra aproveitamos para xogar coa area, cos caldeiros ,coas palas, no tobogán, na casiña...e se temos que quedar dentro tamén temos moitos xoguetes como as motos, os coches, as bicis, pelotas...cos que podemos xogar nun espacio máis amplo. Este momento de patio tamén é moi importante para aprender a compartir, pois sempre xorden problemas, sobre todo no patio interior á hora de compartir bicis e motos. Fomentamos dende o primeiro a importancia de ter paciencia e saber esperar a súa quenda á hora dos quendas para poder coller a moto ou bici que queren.

## **HORA DA COMIDA E SESTA:**

Estas dúas actividades entran dentro das rutinas diarias da escola, e a medida que foi pasando o tempo xa as ían interiorizando e tendo, máis ou menos claro,como debían comportarse en cada situación.

Cando chega a hora da comida lavamos as mans e colócanse todos os que van comer nun tren e van cara o comedor cantando unha canción , ó chegar séntanse e poñémoslles os

babeiros e xa se poñen a comer. Intentamos que coman soños, aínda que hai a algúns ós que temos que axudar, o rematar de comer axudan a recoller levando para a camareira o seu vaso, o babeiro e o prato do postre e pónense nunha fila para ir lavando a cara e as mans. Dicur tamén que ó longo do curso xa case todos pasaron a comer de garfo, solo quedou un comendo papa.

Unha vez rematada a comida e despois de lavalas cara e as mans, cada educadora leva ós seus nen@s para a súa clase, sacan os mandilóns e os zapatos e fan pis para ir a durmida sesta e ou revisase os cueiros ós que aínda non os sacaran, pónselle o cueiro a todo aquel que o necesite. Ó entrar á clase onde durmimos cada un vai dereito á súa cama, e tápase coa súa manta. Para que se relaxasen poñemos de fondo música relaxante, e unhas cantas profes acompañámoslos mentres non se quedan durmidos.

## CONCLUSIÓNS:

Unha vez que remata o curso e xa pasamos xuntos nove meses e hora de facer unha avaliación, pois é unha parte moi importante do proceso educativo. Debemos polo tanto reflexionar sobre o que pretendíamos facer cando comenzamos no mes de setembro e o que conseguimos agora que xa nos atopamos no mes de xuño e xa os nosos nen@s se teñen que marchar para o “cole dos maiores”.

Se miramos cara atrás o período máis difícil que vivimos neste curso é o período de adaptación, tanto para os nen@s como para as profes, aínda que en xeral non tivemos grandes problemas, sempre nos atopamos algún que outro caso no que lles costa máis a separación do ambiente familiar.

Cada curso plantexámonos facer programacións que non sexan moi densas, pero case sempre caemos e seguimos facéndoas bastante amplas, pois queremos abarcar moitos conceptos e experiencias. Aínda que nos fixamos moitos obxectivos somos conscientes de que moitos deles están en proceso, pero son unha boa base para iniciar o segundo ciclo da Educación Infantil. Xa que nestas idades os nen@s teñen unha gran plasticidade cerebral o que lles permite absorber todo como esponxas.

Ó longo do curso conseguimos alcanzar moitos logros como:

- ✓ Todos medraron moito en todos os niveis: móvense con moita habilidade e manipulan todo tipo de xoguetes como puzzles, encaixables, pezas, táboas de cosido, as bicis, coches, motos...e sortean obstáculos sen problemas. Melloraron moito na comprensión e xa logran expresarse con bastante fluidez. Foron avanzando nas relacións sociais e xa establecen relacións de amizade en pequenos grupos
- ✓ A hora de controlar esfínteres case todos van ó baño e son bastante autónomos, sempre que a roupa que traen posta llo permita, por iso insistimos tanto ás familias que non lles traian petos, cintos...A maioría xa non poñen o cueiro para durmir a sesta, aínda que sempre temos algún “escape”.
- ✓ Á hora da comida intentan comer sós, aínda que este curso temos que dicir que algúns están feitos uns vagos e temos que axudarlles nós.
- ✓ Case todos participan con entusiasmo nas actividades propostas e fanas con gusto e incluso eles propoñen algunhas.
- ✓ A maioría comprende e exprésase bastante ben e ó longo do curso foron adquirindo moitos conceptos e vocabulario que fomos introducindo a modo de xogo.

- ✓ As rutinas diarias que fomos asimilando dende o primeiro de curso cúmprenas e téñenas interiorizadas , o que nos permite ter unha boa organización e poder levar a cabo os obxectivos marcados.
- ✓ A experiencia con Pancho, a nosa mascota, foi ben acollida e a todos lles gustou moito levalo para a casa e poder compartir con el unha fin de semana.
- ✓ As saídas que fixemos ó longo do curso foron un éxito. Aínda que polas restricións da pandemia non puidemos realizar moitas das saídas previstas. Ir en autobús a ensaiar o festival de fin de curso foi toda unha experiencia para eles , xa que a maioría nunca fora en bus.
- ✓ Todos se relacionan cos demais compañeiros sen problemas , aínda que sempre teñen algún amiguiño especial co que comparten os seus xogos preferidos.
- ✓ Desfrutaron moito de experiencias novedosas que realizamos este curso como : visitas dos bombeiros e da policía nacional, visita do grupo musical “Os retranqueiros”, volvemos a celebrar as xornadas de portas abertas, puidemos plantar no horto os bulbos de outono, as landras e as castañas e as hortalizas, e como remate final participar no Festival de Fin de curso, no que nos puidemos despedir despois de estar compartindo moitas experiencias durante 3 anos. Intentamos volver á normalidade, despois de pasar 2 anos bastante complicados pola pandemia e ir volvendo , pouco a pouco , a normalidade e volvendo a retomar actividades que non se puideron realizar debido as restricións.

Pero non todo é positivo e tamén temos que ser realistas e recoñecer que hai moitas cousas que lles costa levar a cabo como: compartir, recoller, escoitar as profes cando lles corrixen algún comportamento,obedecer a certas ordes...e agora xa ó remate do curso están todos moi cansos e todo lles costa máis.

Antes de rematar esta memoria queremos **dar as grazas** a todas **as familias** que colaboraron con nós sempre que os necesitamos para levar a cabo calquera actividade.